

VERÁN 1994, N° 11, P.V.P. 400 Pts.


cerna

REVISTA GALEGA DE ECOLOXIA E MEIO AMBIENTE

ESPECIAL
CONCENTRACIÓNS
PARCELARIAS

ADEGA

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia



- A CALIDADE DAS AUGAS DE BAÑO
- O IMPACTO ECOLÓXICO DAS AUTOVIAS
- ACTIVIDADES DIDÁCTICAS CONTRA A INCINERACIÓN
- O MEIO AMBIENTE EN FERROLTERRA

ROTEIRO ECOLÓXICO: POLOS MONTES DE TREVINCA

COORES

tendas ecolóxicas

Pón o seu dispor os seguintes productos:

Papel reciclado fotocopiadora/láser
Papel reciclado escritura
Libretas papel reciclado
Papel deseño fotocopiadora/láser
Papel contínuo para ordenador
Sobres e bolsas
Cartulinas
Transparencias fotocopiadora
Película Blanca
Marcos Protectores
Etiquetas ordenador

Outros productos

Libros • Maquetas de papel
Material oficina
Toner fotocopiadora • Toner láser
Xoguetes madeira
Acuarelas • Barnices, etc...



SANTIAGO

r/ Laverde Ruíz, 2 baixo
☎ (981) 56 54 87 • Fax 56 31 88



LUGO

r/ Xeneral Tella, 6 baixo
☎ (982) 25 01 98
Fax 25 01 98

VIGO

r/ Pintor Laxeiro, 10
☎ (986) 20 23 38
Fax 20 23 38



editorial

Unha das características, contradictoria, da crise dos últimos anos é a disponibilidad de elevadas sumas de diñeiro destinadas a obras e infraestructuras de preocupantes consecuencias ambientais. Cando as persoas sinten a necesidade dunha nova relación coa natureza, mais directa e íntima, o progreso empeña-se en incrementar a artificialidade do entorno, destruindo aqueles signos que aínda nos chaman a un viver diferente.

Para o progreso, a natureza pode conservar-se en espazos naturais protexidos, a modo de museus aos que se regularán as visitas. Aínda que polo momento no noso país non se fagan notar as presas por un conservacionismo de tal estilo, notan-se, porén, as presas por destruir outros espazos e paisaxes próximos á vida cotidiana. Mentres non se pón cota ao urbanismo selvaxe e desordenado, o Plan de Costas está a pavimentar os paseos marítimos e outras zonas turísticas, as vías rápidas (non libres de atascos e colas, isto parece ser secundario, ou mesmo indicativo de actividade e progreso) levarán-nos a cada recuncho do litoral e das praias, e as autovías destruirán algunhas das mellores paisaxes do interior. Pero a artificialidade galopante non perdoa recuncho e, a través das concentracións parcelarias, amiaza con converter en deserto ecolóxico e cultural a maior parte do noso país, arrasando as paisaxes, a diversidade biolóxica e a riqueza cultural e histórica.

Curiosamente, nun momento de crise, o único aspecto do Plan de residuos da Xunta xa resolto de antemán é o da financiación: mais de 35.000 millóns para incinerar o lixo e espallar todo tipo de substancias tóxicas pola ecosfera. Á macroartificialidade non lle faltará a artificialidade do mundo microscópico e das moléculas: metais pesados, dioxinas e outras substancias tóxicas formarán parte da nosa dieta, do ar que respiremos, e da paisaxe que consumamos. O anfitrión de tal progreso dirá, como habitualmente, bon proveito.

ACTUALIDADE

3. Aguas de baño na Galiza
4. Manifestacións contra Ence e contra o encoro do Navia
5. Autovías: desfeita ecolóxica planificada
6. Plantas de empacado de RSU
7. O meio ambiente no Parlamento

TRIBUNA DO CONVIDADO

8. Prostituição da paisagem-Terra sã, Homem sã.
por *A.L. Fontes*

A NOSA FAUNA

9. O funambulista do bosque (o esquivo)
por *Pepe Salvadores*

CONCENTRACIONES PARCELARIAS

12. As concentracións parcelarias: unha arma destrutiva
por *Carlos Vales*
14. A outra maneira de fazer conctraçõs parcelarias
por *MEL*
16. Desertización cultural na Galiza
por *Eduardo González*
17. A concentración parcelaria a xuízo: ¿progreso rural ou falcatuada ecolóxica?
por *Santiago Bacariza Cortiñas*

INCINERACION

19. Cuaderno de actividades didácticas contra a incineración
Pola Comisión de Educación Ambiental da AGENG

ROTEIRO ECOLÓXICO

27. Travesía primaveral polos montes de Trevinca
por *Gustavo Docampo*

HISTORIA E MEIO AMBIENTE

31. O debate sobre a explotación dos recursos, o caso da sardiña
por *Xosé A. Fraga Vázquez*

A NATUREZA NA LITERATURA:

33. A voz revelada de Marica Campo
por *Emilio Insua*

O PEQUENO ECOLOXISTA

35. Observación de aves, unha actividade divertida
por *Bruno Fraga Bugallo*

COMARCAS

37. O meio ambiente nos concellos da Ria de Ferrol
por *Pedro Santiago/Cerna*

ACTIVIDADES**LIVROS****CONCENTRACIONES PARCELARIAS**

Varios artigos discuten, neste número de Cerna, a problemática criada polo impacto ambiental das



concentracións parcelarias tal e como se están a facer en diferentes zonas do país. Os seus efectos devastadores transforman totalmente a paisaxe, o seu contido cultural, biolóxico e os seus componentes estruturais. Os autores analisan estes aspectos, e presentan os elementos de posibles alternativas menos agresivas (7, 11-18).

EDUCACIÓN AMBIENTAL contra a incineración.

A incineración converte en residuos tóxicos o lixo que xeneramos cada día nas nosas casas. Concienciar



aos mais novos e novas sobre os problemas que encerra a incineración, a través de actividades lúdicas e do xogo é o obxectivo dos materiais que nos presnetan a Comisión de Educación Ambiental da AGENG (cuaderno central, 19-26).

COMARCAS.

Cos concellos da Ria de Ferrol comezamos unha nova serie que tentará presentar-nos o meio ambiente e a natureza tal e como a viven os responsábeis locais. Zonas naturais e protexidas, saneamento e residuos, educación ambiental e participación cidadán son os principais temas abordados. (37)

Fotografías capa e contracapa: Pepe Salvadores.

cerna: Revista
Galega de Ecoloxia
e Meio Ambiente

Rua de Touro 21-2º
15704-Santiago
Tlf. 981-570099
Fax. 981-570099

Consello de Redación: Joam Carmona, Elvira Cienfuegos, Concha Fernández, Rosa Fernández, Emilio Insua, Xesús Pereiras, Esther Rodríguez, Pepe Salvadores, Manuel Soto, Carlos Vales.
Edita ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza).
Abril de 1994.

Fotocomposición, montaxe, deseño e fotomecánica: CORES. Santiago.
Tanto en artigos como noutras colaboracións, respéitase a normativa lingüística do autor. Cerna non se fai copartícipe, necesariamente, das ideas, opinións e afirmacións dos autores.

Todo o material da revista pode ser reproducido sempre que se cite a fonte.

Papel reciclado 100% para preservar os bosques.

Depósito legal: C-913-1986.

**COLABORADORES
GRAFICOS**

*Xaquín Marín,
Andrade, Gonzalo, P.
Salvadores, Carlos
Silvar, Xurxo Lobato,
Xan Muras*

Facendo FENE. Un pobo de futuro



ACCESO A PRAIAS



PASEO MARITIMO (Entre Peirsos)



RECUPERACIÓN DE ÁRVORES



RECOLLIDA DE VIDRIO



N
E
D
A



UN CONCELLO ECOLÓXICO

Terra de panadeiros

Boa gastronomía

Historia e tradicións

Xente acolledora nunha vila tranquila preto de todo.

Neda secular campo e mar



AS AUGAS DE BAÑO NA GALIZA


A Consellería de Sanidade ven de facer público o resultado do Programa de Control e Vixiáncia Sanitaria das Zonas Naturais de Baño. Os resultados corresponden-se coa campaña de mostreos do ano pasado, xa que cada campaña comeza o 15 de maio e finaliza o 30 de setembro, polo que a deste ano aínda non rematou. En cada punto de mostreo (en total 245) toman-se mostras de auga cada 15 días e analísan-se diferentes parámetros microbiolóxicos, físico-químicos etc... o que vai determinar a cualidade das augas para o baño.

Segundo estes datos, das praias mariñas, 169 (o 69%) son óptimas para o baño, 63 (26%) son boas, e 13 (5%) son malas. Chama a atención a mala calidade das augas fluviais, das que só 11 (17%) teñen calificación de óptima, 36 boas (56%) e 17 malas (27%), o que denota o pésimo estado no que se atopan algúns dos nosos ríos.

Se comparamos estes datos cos do ano 1992 e anteriores, vemos que as condicións practicamente non variaron, o que nos indica que pouco ou nada se ten feito para corrixir os puntos negros das nosas costas e ríos. Así no ano 1992 había 163 praias en condicións óptimas, 63 coa calificación de boas, e 19 malas; e encanto ás praias fluviais 11 eran óptimas, 32 boas, e 17 malas.

Un aspecto que lle resta obxectividade aos resultados destes programas de control como indicativos da calidade sanitaria das augas é o feito de que se valoran un número elevado de factores, entre os que pesan máis a limpeza aparente e superficial das praias, ou a existencia de determinados servizos de luxo. Desta forma, a calidade sanitaria das augas pode ser mala, e de feito éo, en moitas das praias que contan coa bandeira azul.

Praias onde a Consellería de Sanidade aconsella non bañarse



VERTIDOS E URBANIZACIÓN CONTRA O RIO MIÑO

Un río era nos antigos manuais de xeografía apenas pouco máis que un accidente xeográfico caracterizado nos mapas por un nome e unha liña de cor azul. Hoxe en día ten cambiado a conciencia dos manuais, mais nada delo parece ter-se reflexado o contido dos nosos gobernantes. Ben poucos destes son os que, ao pensar nun río, ven algo máis que un caudal de auga para arrastar os residuos ou un entorno envidiábel para privatizar a favor dos amigos. Isto é precisamente o que ocorre co río Miño ao seu paso por Lugo, a só uns 70 quilómetros do cauce desde o seu afloramento na Serra do Pedregal, en Meira.

En efecto, referindo-nos á contaminación, parece incomprendible que nunha conca sen ningún núcleo industrial, a auga do Miño chegue a Lugo inservíbel para a potabilización (legalmente inservíbel) e tamén para o baño. Se hai dous anos eramos tachados de irresponsábeis cando denunciábamos o estado do río, hoxe as mesmas autoridades sanitarias se ven obrigadas a restrinxir as zonas de baño. Así de grave é o estado do Miño, sen que polo de agora, nada saibamos, non xa de aplicar un Plan de Saneamento, senon siquera de facer cumprir a normativa actual sobre vertidos ao río.

Se o grado de contaminación da auga do río é alarmante non menos o son os proxectos consumados para urbanizar as beiras do río, até o punto de as beiras que tradicionalmente se utilizaban para o baño estaren xa totalmente privatizadas: se dun lado se empezou cun club fluvial hoxe convertido en área de servizos só para asociados, do outro lado temos unha área de servizos da Diputación Provincial totalmente valada, a área comercial de Continente, o campo de fútbol, e... agora o Recinto Feiral. É dizer, unha concentración de actividade comercial e de coches que vai contribuir a deteriorar aínda máis o Miño.

En resumo, unha contaminación e uns proxectos de urbanización que ben merecen unha manifestación como a que ten convocada a Plataforma pola Defensa do Miño para o próximo 25 de setembro. Desde o compromiso destas páxinas facemos un chamamento a que cantos gostamos da natureza e dos ríos acompañemos ese día en Lugo aos amigos da Plataforma do Miño. ■


Éxito rotundo da MARCHA POLO PECHÉ DA CELULOSA EN PONTEVEDRA



O pasado día 19 de xuño, máis de 6000 persoas confluíron diante da factoría da Celulosa nunha marcha que partiu simultaneamente desde as Alamedas de Marin e Pontevedra e que tiña como finalidade reclamar o peche definitivo do complexo contaminante de ENCE-ELNOSA. Fontes da APDR sinalaron o salto cualitativo que supón na loita contra

o complexo ENCE-ELNOSA a presenza directa e activa de pescadores, mariscadores, bateiros e outros traballadores da Ria, que acudiron con perto dun cento de embarcacións. Un desorbitado e inxustificado despregue policial non impediu que a marcha cobrase un espírito absolutamente pacífico, sereo e até festivo, con varios grupos de gaiteros amenizando o longo percorrido. A masiva resposta cidadán deixou ben ás claras a forte incidencia que están a ter na consciencia da xente os últimos episodios do longo "affaire" da Celulosa pontevedresa, comezando pola difusión dos datos do informe WEL que confirman o seu carácter altamente contaminante. Por se non abundase, produciuse un escape de mercaptanos (aunque se creu nun primeiro intre que podía ser de cloro) na noite do 24 de maio, que provocou unha alarma social inusitada, coas centralitas das emisoras de rádio colapsadas polos cidadáns afectados por picores e moléstias respiratorias. Este escape e a indignación cidadán que seguiu, forzaron seguramente a que o conselleiro Cuíña iniciase expediente sanciona-

dor contra ELNOSA e apercebise a ENCE sobre os graus de contaminación que provocaba. O conselleiro Cuíña, ademais, tivo que desmentir ao conselleiro Couceiro, quen falara maravillas da factoría no aspecto medioambiental uns días antes. Estas noticias e declaracións caldearon máis o ambiente. Pola súa banda o BNG presentou unha moción no Concello pontevedrés solicitando o peche da factoría e a elaboración dun plano para a recolocación dos traballadores. PP e PSOE rexeitaron a moción e decidiron crear unha Comisión para que se investigue o escape do día 24 de maio. A presidenta da APDR, Leonor Álvarez "Nené", resumiu o espírito dos milleiros de manifestantes declarando: "oxalá sexa esta a derradeira marcha contra a celulosa".



MANIFESTACIÓN EN LUGO CONTRA O ENCORO DE NAVIA

Mais de 3000 persoas asistiron en Lugo a manifestación convocada pola coordinadora antiencoros do Navia, o pasado 5 de xuño, Día Mundial do Meio Ambiente. O ambiente festivo non anulou, porén, a preocupación que os navegos e navegas teñen pola construción deste emcoro, decidida en Madrid, como nos tempos dourados da onda

asulagadora que sementou Galiza de lagos artificiais. A manifestación foi unha auténtica retrospectiva no tempo, desfilando ás pancartas das sucesivas Coordinadoras contra o encoro de Navia dos anos 1975 e 1985, ademais da actual. Outras se terán perdido na memoria, haveda conta do prolongado expediente que data do ano 1951. A cita acudiu todo Navia, grandes e pequenos, convertindo-a quizá nunha das manifestacións deste tipo mais interxeneracional que se teña celebrado. A asistencia do resto do país foi tamén numerosa, a pesar das convocatorias existentes noutras localidades con motivo do Día Mundial do Meio Ambiente. Confiamos en que a manifesta opo-

sición de todo o povo de Navia á construción deste encoro, mantida ao longo de tanto tempo, así como o rexeitamento unánime do encoro polo Parlamento Galego, e as sucesivas actividades reivindicativas que están a ter lugar durante todo o verán en Navia, fagan recapacitar ao Goberno Central e dé marcha atrás de forma definitiva de tal pretensión.

Tamén afectados pola política hidrolóxica do goberno central, unha representación da coordinadora pola conservación do río Arenteiro estivo presente para denunciar o impacto ambiental das numerosas minicentrales que se pretenden instalar na zona.



AUTOVIAS: DESFEITA ECOLOXICA PLANIFICADA

Por M. Soto e E. Rodríguez

A política de transporte que se está a aplicar desde a segunda guerra mundial, e de forma acelerada e libre de toda cortapisa durante os últimos anos, constitue un dos factores de deterioro ambiental planificado mais significativos. Detrás das actuacións de estados e governos, achamo-nos coa man invisíbel pero efectiva e vencedora/vingadora das multinacionais do petróleo e dos automóveis. Os rasgos desta política antisocial e antiecolóxica viven-se de forma dabondo mais acusada na Galiza como para notar as diferéncias. O premeditado abandono do ferrocarril para financiar a construción de autovias e autopistas é en primeiro lugar a negación dun servizo público de transporte áxil, comodo e barato ao conxunto da sociedade; é tamén unha discriminación para todas aquelas persoas que polas razóns mais diversas non poden conducir un automóvil; e por último, é un atentado ecolóxico de primeira magnitude, ao optar por unhas infraestructuras e uns meios de transporte que deterioran irreversiblemente o meio natural e contaminan fortemente o ar que respiramos. Porén, os gobernantes de turno afirman sen rubiar que a elección do carro particular frente ao ferrocarril e o transporte colectivo faina o propio cidadán, e tal suposta decisión (analise-se a frase "os coches tamén contaminan" na boca de governan-



tes e científicos comprometidos coa administración) é tomada como indicativo do escaso grau de preocupación polos problemas ambientais.

Estes aspectos da política de transporte necesitan un tratamento mais profundo, e non tardaremos en dedicar-llo. Pero hoxe imos comezar traendo aquí algúns dos graves desastres ecolóxicos que as chamadas Autovia do Noroeste e Autovia das Rias Baixas están a provocar, ou provocarán proximamente se non se remedia.

A DESTRUICION DO RIO NEIRA E DO VAL DO FURCO

A Dirección Xeral de Política Ambiental (do MOPTMA, Ministerio de Obras Públicas, Transporte e ¡Meio Ambiente!) seleccionou para este sub-tramo da Autovia Norte a alternativa E/D2 frente a alternativa A, a pesar de que o propio Estudo de Impacto Ambiental a recoñecía como mais impactante no meio. A declaración de impacto ambiental baseou-se na diferéncia de custo económico (a

elección desta alternativa permite aforrar uns catro millóns), pois o trazado A, mui próximo a actual N-VI, requeria da construción dun túnel.

A construción da autovia polas marxens dos ríos Neira e Furco, facendo un ángulo que leva a incrementar o percorrido en mais de dous quilómetros (un 24% mais longo o traxecto que o trazado alternativo), significa a destrución de todo o cañón do Neira, con desmontes superiores aos 40 metros ao longo duns tres quilómetros. As dificultades do terreo farían necesaria a construción dun muro de contención ao longo de todo o tramo do río afectado, incrementando mesmo o impacto. Xa no val do Neira, a Autovia cruzará o río en dúas ocasións, e formará un zócalo duns 10 metros de altura e 50 de ancho no centro dun val que apenas atinxe os 400 metros de ancho na zona mais ampla.

O impacto ecolóxico é indiscutíbel, afectando a riqueza faunística e florística do río Neira, recoñecido pola súa importancia troiteira, e no que habitan a lontra e outras especies protexidas. En todo o cañón do



Neira, a autovia destruíria o bosque autóctono de galería que forma parte inseparable do ecosistema fluvial. O impacto social, esquecido nas valoracións realizadas pola administración, é cuantioso. No val do Neira, a autovia cubrirá perto dunha quinta parte do solo dedicado a labradio, pastos de regadio ou frutais. Uns 60 veciños verían fortemente mermada a súa base produtiva, e o resto, xuntamente coas vivendas, ficaría submetido a forte polución atmosférica e acústica que orixinará o val. Ao impacto xeolóxico suma-se o impacto paisaxístico, que transformaría totalmente a beleza actual do val do Neira.

Os veciños veñen-se mobilizando desde hai meses, e propoñen que se tome en consideración a alternativa A. Desde o movemento ecoloxista, temos apoiado este cambio de trazado, xa solicitado por varios grupos durante a fase de alegacións ao EIA. Con elo salvaríase cando menos o cañón e o val do Neira. O trazado A, co túnel de 1200 metros, significaría unha vía libre adicional, a máis occidental de toda a autovia, para a mobilidade da fauna salvaxe. ■

A AUTOVIA E AS POZAS DE MELÓN: UN EXEMPLO DE IRRACIONALIDADE

No anterior número de Cerna daba-se a voz de alarma sobre a inminente desfeita que a autovia Rias-Baixas ía supoñer para as ribeiras do Miño. Aos enormes carteis do MOPTMA que chegaron, prepotentes, anunciando as obras, sucederon as máquinas voraces, engulindo terras, abrindo terrapléns: a prensa ourensá calificava as téticas vistas de "espectaculares desmontes", como se o *Progreso* estivese abocado a este triste espectáculo.

As máquinas non ven nen sinten, o MOPTMA tampouco. Ao seu paso polo concello de Melón, o tronco da autovia cruzará o río Cerves seccionando o conxunto de gran riqueza e valor paisaxístico que forman as súas pozas e fervenza. O enlace que unirá a autovia coa N-120 pretende rodear o curso do río nas proximidades deste enclave moi frecuentado por xentes que, sensíbeis á beleza e tranquilidade do lugar, prefiren as piscinas naturais esculpidas na rocha ao cemento.

Semellante atentado foi denunciado polos grupos ecoloxistas RIDIMOAS e ADEGA ante o propio MOPTMA e a Comisión Galega de Medio Ambiente. Solicitou-se unha paralización das obras namentres non se estudase unha alternativa, totalmente factíbel, que alonxase das Pozas tanto o tronco como o enlace. Realizaron-se asembleas informativas en Melón das que xurdiu unha Comisión representativa dos distintos sectores sociais: asociacións culturais, partidos políticos, mancomunidade de montes, veciños de Melón e Quins, usuarios do Ribeiro, grupos ecoloxistas e mesmo o sr. alcalde de Melón.

Pero semella que non son as máquinas as únicas que carecen de ollos: a falla de concienciación da importancia ecolóxica e mesmo turística do río e das Pozas por parte da máxima autoridade local e dalguns veciños romperon o consenso. Algunhas consignas son máis inamovíbeis que as rochas e os ríos: "*o progreso ("autovia") ten un custe ambiental, se hai que encher as pozas de cemento, adiante.*"

E mentres tanto, os representantes do MOPTMA frotando-se as mans, trazando liñas desde os seus despachos, sen atender ás verdadeiras razóns do *Progreso e ben común*, aniquilando, indolentes, a pouca riqueza natural que permanece sen estragar. Facendo ouvidos xordos das demandas ecoloxistas, prefiren atender os intereses caciquis dos mandatarios locais e, quizais, compartí-los. ■

A XUNTA DESTINARÁ 600 MILLONS DE PTAS. PARA INSTALAR DUAS FÁBRICAS DE CONSERVAS DE R.S.U. NA GALIZA

Depois de recoñecer a importancia da "reciclaxe" e incorporar o termo á súa "jerga" propagandística, a Xunta acabou por ver o lixo como un "recurso" (iso si, a súa maneira), tanto pola súa valía como abundancia, e decidiu destinar uns 600 millóns para a construción de dúas naves industriais que se dedicarán ao EMPACADO do lixo. O procedemento industrial, en palabras dos promotores, garante a perfecta conservación do material por un prazo de ao menos tres anos, cando será desempacado de novo, para usalo como materia prima nas denominadas industrias da "reciclaxe, transformación e elaboración de combustible". Logo, as instalacións serán desmanteladas.

As plantas situarían-se unha en Cerceda, con capacidade para case o 40% de todo o lixo da Galiza, e a outra en Teis (Vigo). A solución consiste na fabricación

de grandes pacas de alta densidade, para o seu almacenamento provisional. No proceso xeneran-se lixiviados (águas residuais fortemente cargadas e tóxicas), aínda que non se prevé ningún tratamento. Os veciños de Teis e de Cerceda, por separado, teñen-se oposto abertamente a que os seus bairros ou parroquias reciban o lixo de meia Galiza. Adegas e outros colectivos ecoloxistas presentaron alegacións ao proxecto de "Primeira fase da planta de reciclaxe, tratamento e elaboración de combustible" agora baixo o cariz de empacadora entregado por SOGAMA ao concello de Cerceda. Tanto SOGAMA como a administración escamotean este proxecto á lexislación máis recente, como é o Decreto de Efeitos Ambientais para Galiza de 1991, para aplicar no seu lugar o Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 1961.

O proxecto carece do preceptivo estudo de efectos ambientais, ademais doutra documentación, o que fai xuridicamente irregular a súa tramitación polo Concello de Cerceda, que asume as responsabilidades ambientais da Comisión Galega do Medio Ambiente. Adegas asesorou tamén aos veciños, elaborando os pregos de reclamacións que estes individualmente e a través das Asociacións de Veciños presentaron ao concello rexeitando a planta.

Mentres a Xunta xoga coa imprevisión dos Concellos e co diñeiro do contribuinte, o lixo segue a arder "controladamente" en moitos dos vertederos do país. A Xunta pretende invertir máis de 35000 millóns de ptas. para conseguir o mesmo nunha instalación incineradora. A elo haberá que sumar os soldos millonarios dos ineptos directivos de SOGAMA S.A., que chegan a superar o millón de pesetas mensuais. ■

O MEIO AMBIENTE NO PARLAMENTO

Cada día chegan mais temas ambientais ao Parlamento, sempre da man dos grupos políticos da oposición, e case sempre rexeitados pola maioría que sostén o goberno da Xunta. Aínda así, algunhas propostas son aprobadas ou, como no caso do Encoro no río Navia, traducense en acordos unánimes que poden ser decisivos para o futuro dunha comarca. Presentase a continuación unha relación de actividades parlamentarias, que pode ser de sumo interese para o seguimento do traballo dos/nos/as representantes na defensa do medio ambiente.

PROPOSICIÓNS NON DE LEI (R: rexeitada, M: aprobada con modificacións) SOBRE:

BNG

- Obras de restauración no conxunto histórico de Montereí (R)
- Aplicación de taxas por emisión de dióxido de xofre (R)
- Conxunto cultural-natural da fraga do Eume (R)
- Control da contaminación atmosférica
- A rega e o aproveitamento racional da auga na Limia
- Causas de contaminación da praia de Pontearreas
- Vertidos de munición caducada nas costas galegas
- Polo traslado ou peche definitivo das factorías de Elnosa e Ence
- Proxecto de cerramento e recheo na enseada da Malata (M)
- Problemas na explotación de Limeisa nas Encrobas (R)

PSOE

- Posta en marcha dun servizo de recollida de pilas usadas en colaboración cos concellos (R)
- A suspensión dos traballos de concentración parcelaria en Congostro (R)
- Vertido de residuos urbanos ou industriais ós ríos ou ó mar (R)
- Vixiancia e inspección dos vertidos

POR NAVIA, NON ÓS ENCOROS

O Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade un texto consensuado ao que deu orixe a Proposición non de lei formulada polo G.P. do BNG, sobre a concesión feita polo Goberno central ás empresas "Electra del Viesgo" e "Hidroeléctrica del Cantábrico" do aproveitamento hidroeléctrico "Suarna", no río Navia, e adopción de medidas ó respecto.

Proposición non de lei aprobada:

1. O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar do Goberno do Estado a revocación da concesión feita polo Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente a favor das empresas "Electra del Viesgo" e "Hidroeléctrica del Cantábrico" do aproveitamento hidroeléctrico denominado "Suarna" no río Navia.

2. O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

a) Que reclame da Administración central as competencias exclusivas en aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos cando as augas discorran dentro do territorio da Comunidade Autónoma.

b) Que no uso das súas competencias exclusivas en materia de medio ambiente para o territorio galego adopte as medidas precisas para preservar os recursos naturais do río Navia e da súa conca.

c) Ratificarse na postura de oposición á construción dos encoros do Navia, adoptada no seu día pola Dirección Xeral de Medio Ambiente e por outros organismos da Xunta de Galicia.

d) Elaborar no prazo máis curto posible un plan de infraestruturas e servizos que favoreza o aproveitamento dos recursos naturais de toda a comarca de Navia: agropecuarios, forestais, cinexéticos, piscícolas, turísticos, recreativos, etc.

e) Adopta-las medidas legislativas precisas para protexer e preservar as canles da conca do río Navia e do seu contorno como espazo natural que é.

f) Axiliza-la construción da estrada Becerreá-Navia, xa incluída no Plan de estradas dentro desta lexislatura, procurando darlle comunicación con Asturias á mesma..

industriais nas rías e limpeza dos fondos das embarcacións polo Servizo de Protección de Recursos (R)

Creación dun programa multidisciplinario de investigación dos procesos de degradación ambiental, dedicado á conservación do patrimonio natural.

MOCIÓN sobre:

PSOE

Aplicación do canon de saneamento aprobado pola Lei reguladora da Administración Hidráulica de Galicia (M)

Elaboración dun dictame-diagnóstico respecto da situación das augas de baño para debate no Parlamento (R)

O seguimento parlamentario do Plan de RSU xestionado por SOGAMASA (R)

BNG

A factoría ELNOSA en Pontevedra (R)

Os criterios que se deben seguir na realización das concentracións parcelarias (R)

INTERPELACIÓN sobre:

PSOE

Os datos relativos ó concurso convocado por SOGAMASA.

As retribucións, o procedemento de selección e o tipo de contrato

A PROSTITUIÇÃO DA PAISAGEM

TERRA SÃ, HOMEM SÃO

Por A.L.Fontes(*)

Anossa terra mãe, não falta quem a prostitua. Diz o povo e é verdade. Estamos f. cozidos, a mãe e os filhos. E o mais grave é que o criminoso é o Pai: Europa, Governo, Poder.

Dir-nos-ão de miserabilistas, quando tocamos na ferida por eles causada, consentida, programada- a desertização da natureza e conseqüente desertização humana.

Calar é consentir. Erguer a voz é preciso e vamos dar voz à terra mãe.

Nós, que estamos ensarilhados, amarrados a ela pelo umbigo, sentimos dia a dia, o machado às raízes, o corte da seiva, sangue, o asfíxiar da natureza e de nós.

O inimigo teima em nos narcotizar com subsídios, promessas, perspectivas de futuro e riqueza, cegando os incautos com os trocos.

E pouco a pouco o jardineiro deste torrão à beira mar plantado, vai indo como ovelha calada e mansa ao matadouro, atrás do chocalhão do criminoso cabrão, embalado ainda e adormecido na consciência pela inércia do envelhecimento rural, acalentado por uma religiosidade conservadora, passiva e permissiva, e


encaminhada por um caciquismo seguidista, inimigo da terra e do seu jardineiro.

O Sul da Galiza, Trás os montes, Beiras, Alentejo vão sendo cada vez mais o actual palco do deserto consentido, pelos ditos ditadores ordenamentos do território, rompimento de novas vias, emparcelamentos deslocados, e tresloucados abates de florestas, reflorestação após fogos criminosos, etc.

Quando passo por manchas florestais autóctones, carvalhais verdes, na folha e nas barbas, soutos de copa larga e grossos troncos, freixos e videiros nas margens das ribeiras da montanha, que vão sendo arrasados pela moto serra a oito, sem respeitar os séculos que os guardaram e ergueram, as grossas raízes e frondosos troncos de saudável sombra, alegria e vida da paisagem, apetece-me gritar alto por elas: não me abatem, porque atrás de min sereis vós abatidos.

E, saudoso, vou-as fotografando ou gravando em video antes que no dia seguinte as encontre mortas e o espaço vazio...

E também fotografo o Homem, cada dia mais raro e velho, jardineiro irmanado e idólatra do torrão materno, que vejo como choroso coveiro da



sua ruína, forçado a ir-se do seu paraíso natal, por uma sociedade apressada em tirar o lucro imediato, fácil, suicidando este planeta azul que foi.

Quantos crimes de destruição de verdadeiro património ambiental, paisagístico, histórico, arqueológico se não tem feito, deculpados pelo progresso, modernização, riqueza de alguns!

A industrialização, o progresso, a riqueza ordenadas são respeitadoras da vida vegetal, animal, social, ecológica de que dependemos.

A nossa região é riquíssima no seu solo, e subsolo. Não tem petróleo, mas o nosso petróleo é a identidade da nossa paisagem, das nossas aldeias, do nosso homem, da nossa vegetação espontânea. ■

(*)A.L. Fontes é cura de Vilarperdizes.

(ven da páxina)

de persoal directivo da SOGAMA-SA.

BNG

Previsións do Goberno galego respecto do cumprimento polo complexo Ence-Elnosa da lexislación medioambiental.

PREGUNTAS sobre:

BNG

Axudas para o fomento da produción forestal e a conservación de parques autóctonos.

Impacto ambiental do dique de Valdeorras.

Pontearreas: vertedeiro, estación depuradora, praia fluvial das Partidas, etc

Abandono do plan xeral de transformación da zona regable de Lourenzá.

Fraudes nos fertilizantes químicos. Concentración parcelaria na parroquia de Meilán.

Contaminación no Barco de Valdeorras.

Situación do proxecto de saneamento do río Miño.

Tráfico de mercadorías perigosas polas estradas galegas.

O impacto da autovía do Noroeste, tramo Baralla-O Cereixal, nos vales dos ríos Neira e Furco.

A enfermidade do cancro que afecta ós soutos de castiñeiros.

PSOE

Contido do presunto acordo coas compañías petroleiras respecto da posible existencia de petróleo nas costas galegas.

Irregularidades na construción dunha central hidroeléctrica por Hidrospán no concello de Cerdedo.

Autorización a LIMEISA a urxente ocupación nas Encrobas.

Problemática e prazo previsto para a solución do tratamento de RSU na comarca de Vigo.

Graveira a ceo aberto na estrada PO-400, na recta de Liñares.

Proxectos de abastecemento de auga, saneamento, depuradoras, etc... en 26 concellos de Ourense. ■

O FUNAMBULISTA DO BOSQUE

Por Pepe Salvadores

O esquivo

"Se me dixeran que o meu nome é sinónimo de árido, arisco, áspero, desagradable, difícil, intratable, desdeñoso, fuxidío ou esquivoso non estaría eu moi conforme cos meus padriños; pero teño que agradecerlles que me deixaran a posibilidade de chamarme arda"



Moitos dos adxectivos anteriores non se corresponden, en verdade, coa súa imaxe. Cando vemos un esquivo percibimos un animalíño peludo e grácil, que desperta simpatías de contado; agás cando se sinte ameazado, non deixa de moverse dun lugar para outro sen moita razón aparente, polo que non é de extrañar que o "alazán" da fábula de Iriarte se dirixa a ela para dicirlle:

*"Tantas idas
y venidas
tantas vueltas
y revueltas
(quiero amiga
que me diga)
¿son de alguna utilidad?"*



(Fábula na que, por certo, a nosa protagonista non sae moi ben parada: serve para identificar ós escritores que "en obras frívolas gastan todo el calor natural").

A verdade é que os continuos e áxiles desplazamentos están ben xustificadas, e, aínda que non está moi claro se come para moverse ou se non acouga por rebuscar a pitanza, os traballos para a propia mantenza son moitos e variados: pescudar, atopar, pelar, debullar, abrir, encher as despensas,... Nacen xa nas copas das árbores e alí pasarán a maior parte das súas vidas convertíndose en hábiles funambulistas dominadores do medio; e iso non é doado: hai que agañar, baixar os troncos coa cabeza por diante e a fume de carozo coa seguridade de non perder o nariz, brincar dunha árbore a outra dominando os ventos para salvar as distancias precisas, etc.

Os esquivos son nados en niño mol construído con cariño de nai; pauños, musgo, plumas, pelos e outros materiais garimosos.



cerna

REVISTA
GALEGA DE
MEIO AMBIENTE



Información de primeira man
SUBSCREVE-TE

Tlf. e Fax 57 00 99
Rúa de Touro, 21-2º
15704 SANTIAGO

JAZZ



*Esforzan 31
a Coruña*

LIBRARIA-PAPELARIA

PEDREIRA



Rúa do Home Santo, 55
Telf.: 58 54 03 • Fax: 58 09 84
SANTIAGO



Forman familias numerosas, e se é bo ano recunca a prolífica proxenitora con outra camada. Desde que nacen teñen unha prolongada aprendizaxe, e non só de equilibrios e saltos mortais: é necesario saber abrir os froitos de forma adecuada para chegar á semente, sabrosa e nutritiva; e iso é toda unha técnica: primeiro o buraquiño e logo facer palanca cos dentes inferiores; e iso non é instintivo. Tamén hai que aprender a recoñecer e mesmo adiviñar a presenza de predadores que poideran beneficiarse das súas carnes: a eficaz rapiña forestal, o azor; ou o bufo, a marta,...E aínda evitar ser atropellada por automóbiles e intuír perversas intencións dos humanos, como convertila en obxecto decorativo.

A nosa arda (*Sciurus vulgaris*) está extendida desde este Fisterre ata o outro, no oriente (é dicir, Xapón); con dúas coloracións, unha roxa e outra escura. A especie ten familiares por todo o mundo, algunhas con pintas estrafalarias e costumes extravagantes: hainas de terra, voadoras, ananas, xigantes, das palmeiras, listadas, espiñosas, de fuciño longo,....

Anque relacionada con todos os bosques sans do planeta, en Galiza a súa situación parece ter sido moi diferente á actual. Algunha vez escoitamos que antes da deforestación masiva da península unha arda podía atravesala sen pisar o chan; a "Fauna Ibérica" de Félix Rodríguez de la Fuente, aínda que non era moi precisa, non incluía o noso país dentro da súa área de distribución. Na Enciclopedia Galega, editada en 1974, faise unha referencia a súa reducida presenza nas Serras dos Ancares e o Courel, citando a López Seoane que en 1861 a situaba nos bosques de Ourense e Pontevedra. Na actualidade é evidente a súa expansión por toda a nosa xeografía (non só por tela visto en Bergantiños, Frades, norte e centro de Lugo, A Estrada, Santiago senon por ter noticias tamén dalgunha redondelana).

¿A que se debe a expansión do esquivo nos bosques galegos?

A resposta a esta pregunta aportaría tamén, sen dúbida, datos relativos ás nosas masas forestais, ás que está intimamente ligada. ¿Influirían na nova situación do esquivo as repoboacións con coníferas? ¿Afectaría o descenso no aproveitamento das pinas? ¿É a única causa a diminución dos seus inimigos naturais? ¿Volveu ocupar os nichos dos que antes fora desterrada?

¿...?. Un estudio adecuado daría resposta a estes e a outros interrogantes e levaría a considerar os efectos desta expansión demográfica, que, se ben aleda os nosos bosques cun pouco máis de vida, tamén ha de ser preocupante porque os excesos poden dar lugar a plagas; e máxime se se ten en conta que Dona Arda (!non quería ser chivato!), detrás da súa aparencia inocente e xoguetona, agocha a súa faceta de saqueadora de niños de aves e, como boa roedora, gusta dos brotes tenros das árbores. E son razóns polas que non goza de gran prestixio entre os técnicos forestais doutras latitudes. Aquí, sempre tan ó día, nin siquer se toma en consideración. ■

A CONCENTRACION PARCELARIA A DEBATE



Varios artigos discuten neste número de CERNA a problemática creada polo impacto ambiental da política de concentración parcelaria. Non é a primeira vez que este tema é tocado na revista, o cal é síntoma de que os seus efectos sobre o medio ambiente preocupan profundamente, cando menos ás sensibilidades máis despertas, máis combativas ou máis lúcidas que adican os seus esforzos á protección e valorización social do noso medio ambiente.

¿Por qué xenera tanta polémica e conta con tantos detractores a concentración parcelaria?. Antes que nada, porque supón unha intervención sobre o territorio que, na maioría dos casos, ten efectos devastadores: transforma totalmente a paisaxe observable, o seu contido cultural, biolóxico e os seus compoñentes estruturais. Complementariamente, porque esta transformación pode afectar a unha porcentaxe do territorio descomunal, xa que se pretende "remover" a realidade observable de 600.000 hectáreas, un 20% de todo o territorio da Galiza.

Os técnicos responsábeis da concentración parcelaria actúan como se nada do que existise no territorio tivese valor. Como o colonizador que desprezia a cultura do colonizado, como o modernizador que considera que todas as criacións das

xeracións precedentes están obsoletas, o concentrador considera a paisaxe agraria existente como expresión e síntoma inequívoco do atraso. Daquela, destrúe, para logo reconstruír á imaxe e semellanza do seu modelo de suposta modernidade. ■



*O mesmo río antes e
depois da
concentración
parcelaria. Os
ecosistemas fluviais,
coa súa riqueza
florística e
faunística, son
alguns dos
elementos máis
degradados nestas
actuacións.*

AS CONCENTRACIÓNS PARCELARIAS:

UNHA ARMA DE DESTRUCCIÓN

Carlos Vales

A DESTRUCCION DO MEIO AMBIENTE

¿Que é o que se destrúe coas concentracións parcelarias?. A veces, áreas naturais valiosísimas. Desecaronse as lagoas da Terra Cha e a máxica Antela da Límia -un lugar con máis diversidade biolóxica que Doñana- e un se imaxinaba que tais actuacións eran produto do pasado, dun pasado de ignorancia ambiental absoluta e vergoñenta. Pero o pasado se continua no presente e a desecación de Antela se sigue a completar minuciosamente na actualidade, destruíndo os últimos reductos naturais de aquel paraíso biolóxico; da mesma maneira, a transformación e degradación da lagoa de Traba, no corazón da Costa da Morte, so se poido evitar en parte grácias ás protestas provocadas pola brutal desfeita. É dicer, para empezar, se

desprecia o patrimonio natural máis valioso de Galiza, cuxa importancia ninguén discute.

Se así se comenza, cómo non explicarse que se destrúa a paisaxe agrária da que se descoñece totalmente o seu valor. Destruen-se sebes e valados, soutos de castiñeiros, carballeiras, congostras, fontes, vexetación de regatos e ríos... Difícil resumir aquí en poucos parágrafos o valor de todo este mosaico destruído. Os ríos e a súa vexetación son aceptados como valiosos polos mesmos que acometen ou avalan a súa destrucción, como recoñecen os propios técnicos do Servicio de Estructuras Agrárias da Xunta de Galicia, o que non evita que se continue coa eliminación da vexetación de ribeira e a canalización dos cauces. As sebes e os valados, reductos de diversidade biolóxica estudados e valorados en toda Europa, desde a Franxa ás



EDICIÓNS DO CASTRO
DO GRUPO SARGADELOS 

SADA-CORUÑA Tfno. 620200 e 520937 Fax 623804

LIBROS GALEGOS FEITOS EN GALIZA

- Pra recuperar a nosa memoria histórica
- Pra estudar a nosa realidade presente
- Pra espallar as nosas formas culturais

NOVIDADES*Cadernos do SEMINARIO DE SARGADELOS:*

- Clodio González Pérez, O REFRANEIRO DO MAR.

Publicacións do SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS (Área de Ciencias Agrarias):

- CONGRESO AGRÍCOLA GALLEGO DE 1864 (ed. facsimilar).

- Varios, CONGRESO GALEGO DE PROTECCIÓN VEXETAL.

Serie / ENSAIO:

- Manuel Luis Casalderrey, CIENCIA, CONSUMO Y OTRAS COSAS.

Revista / LAROUCO:

- Antonio Rodríguez Colmenero, CORPUS-CATÁLOGO DE INSCRIPCIONES RUPESTRES DE ÉPOCA ROMANA DEL CUADRANTE NOROESTE DE LA PENÍNSULA IBÉRICA.

Illas Británicas, porque son elementos da paisaxe capaces de incrementar o rendimento productivo agrario e de protexer os cultivos, son destruídos como se de algo inútil se tratase. Os camiños rurais, deseñados cunha lóxica que responde a necesidades ancestrais, son destruídos e substituídos por pistas lineais, trazadas desde despachos por individuos que descoñecen e ignoran o detalle da realidade física sobre a que traballan. Os bosques e as árbores vellas, patrimonio ecolóxico con frecuencia valiosísimo nun país coma o noso, sometido a unha deforestación que durou séculos e que nunca recuperou auténticos bosques, senón sucedáneos constituídos por plantacións con especies exóticas que carecen do boa parte do valor dos bosques autóctonos, eses bosques e esas árbores vellas son frecuentemente talados ou arrincados. Outras veces os bosques son abertos polo trazado das novas pistas á especulación madeireira, cando en moitos casos perviviron até hoxe amparados na súa difícil accesibilidade.

A DESTRUCCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL

E se se desprecia o valor natural da paisaxe agraria destruída, co mesmo descoñecemento obsceno se desprecia o seu valor cultural. So desde a prepotencia paifoca se pode ignorar que a paisaxe agraria representa unha forma de estar no mundo. Valados, fontes, congostas e árbores teñen significancia. O conxunto do territorio, especialmente se está tan humanizado como o noso, é arquitectura e, por tanto, cultura. Actuar sobre del debería esixir coñecer as súas claves, para procurar conservar o máis importante do seu valor testemuñal e simbólico. Pero como pretender iso, se nas concentracións en curso se teñen destruído castros, xacementos arqueolóxicos, calzadas romanas e edificacións milenarias. Para os responsábeis das concentracións, a nosa natureza e a nosa cultura son despreciábeis. Por tanto, nada mellor que arrasalas para acceder á modernidade.

¿Que conclusións tirar de todo o anterior?. ¿Significa iso que a concentración parcelaria carece de sentido?.

CONDICIONS PARA XUSTIFICAR A CONCENTRACION PARCELARIA

Para minimizar os efectos das concentracións parcelarias, comprefacer as seguintes matizacións, ter en comta as preguntas de ONDE, COMO e PARA QUE se fai a concentración parcelaria:

ONDE: desde logo, non sobre as áreas naturais máis valiosas. Carece de sentido concentrar lagoas, veigas ou fragas, pero se está facendo, aínda que concentrar nestes casos signifique desecar as lagoas, recheas as veigas ou definir a propiedade do bosque para, inmediatamente, talalo.

Coidamos que tampouco se debe acometer a concentración en lugares onde a inversión non vai redundar nunha modernización efectiva. Gastarse 300 ou 400 millóns de pesetas para concentrar unhas terras agrícolas alí onde non quedan agricultores supón un uso pouco razoabel e pouco eficiente de fondos públicos.

O anterior enlaza coa outra pregunta, PARA QUE concentrar. A concentración non pode ser un fin en si mesmo, que agote os seus obxectivos en canto se realiza, senon que é un instrumento máis, importante pero un máis, ao servizo do verdadeiro fin: facer máis eficiente e competitiva a actividade agraria, contribuíndo ao que debe ser o verdadeiro fin, mellorar as condicións de vida no campo e de paso fixar poboación agraria, dándolle futuro á nosa agricultura. Pola contra, con demasiada frecuencia, a concentración consigue fins perversos: concentrar as fincas e abrir pistas de acceso para así mellor urbanizar, para fomentar indirectamente unha construción ciscada e caótica que non fai máis que sentar as bases para problemas futuros, pero que en calquera caso nada ten que ver co progreso agrario.

¿COMO concentrar?. Respectando ao máximo os valores culturais e ambientais que atesoura a xeografía agraria deste país. É penoso que un pobo se adique durante miles de anos a recrear o territorio sobre o que vive, que conserve esa paisaxe ao longo do tempo, para que agora veñan a dicernos que nada deso ten valor, que até as fontes equivocaron o sitio onde nacen e os ríos confundiron o seu curso. A concentración ten que respetar todos os elementos posíbeis da paisaxe agraria, e acometer TAN SO AS TRANSFORMACIONES IMPRESCINDIBLES, preocupándose á vez de poñer as bases para a conservación, e para revalorizar o máis valioso ambiental e culturalmente do existente.

Nada máis lonxe da nosa intención facer tal afirmación, e noutro artigo deste mesmo número insístese nese razoamento. Por outra banda, se fose obxectivo dos seus detractores -entre os que se inclúe todo o movemento ecoloxista- acabar coa concentración parcelaria, non se preocuparían de ofrecer unha alternativa para levala a cabo evitando os seus inadmisíbeis impactos destructores actuais.

Rematamos dicindo o que debería resultar evidente: concentración parcelaria é un problema de toda a sociedade, non é un couto privado dos burócratas do Servicio de Estructuras Agrarias, nen un saco sen fondo de diñeiro co que manter oficinas de "consulting" e maquinaria pesada arrasando o país.

A OUTRA MANEIRA DE FAZER CONCENTRAÇÕES PARCELARIAS

por MEL(*)

Fartos estamos de denunciar o jeito agressivo que tem Estruturas Agrárias de levar a cabo os processos de concentração, por isso o objecto deste artigo é aportar umha série de pautas que sirvam de guia para evitar o enorme impacto que provocam.

Antes de iniciar um processo concentrador é necesario justificar a rendabilidade que se vai obter com estas obras, pois de nada serve conseguir unidades de exploração viáveis se antes nos preocupamos da comercialização da sua produção.

Em toda concentração é transcendental estabelecer como mínimo, dous critérios ambientais para reduzir o seu impacto:

a) Conservação do maior número de árvores



b) Respeito pelas estruturas agrárias tradicionais.

Ainda que a Lei de Concentração fala vagamente da preservação das massas arvóreas autóctonas, na realidade a desflorestação é o patético resultado final das explorações que realizam as "paleadoras". Previamente á execução dum parcelamento devem delimitar-se as alinhamentos arvóreas existentes, co fim de dispôr toda a nova ordenação agrária em base as mesmas. Por outro lado, e independentemente das principais alinhamentos, cumpre elaborar um catálogo de árvores centenárias e/ou significativas que seriam compradas pola Xunta do mesmo modo em que a Diputación de Alava salvou da extinção numerosas árvores que foi adquirindo nas parcelárias feitas por aquela terra.

Actualmente os procesos de concentração esquecem por completo a distribuição agrária tradicional. Na nova reordenação territorial, as longúas e rectas pistas se convertem na actuação estelar dos técnicos da Conselleria de Agricultura. Os velhos caminhos e as antigas corredeiras desaparecem do mapa junto co seu valor paisagístico e antropológico. Consideramos que prescindir dos vieiros tradicionais é um grande erro e a nossa proposta vai encaminhada a revitalizá-los. Muitos destes caminhos con pequenos arranjos constituem alternativas válidas e menos costosas que essas longas "autovias" de terra que cruzam indiscriminadamente as zonas concentradas.

A elaboração dun catálogo de árvores centenárias, a revitalização dos velhos caminhos, a conservação das sebes e valados, juntamente co estudo da organização da propriedade e o respeito pelas estruturas agrárias tradicionais son algúns dos elementos que permitiriam minimizar os efeitos destrutivos das concentrações.

Outro aspecto a considerar dentro da alternativa que estamos esboçando é a realização dum concienzudo estudo da organização da propriedade para localizar aquelas leiras grandes que sem apenas alteração, ja de por si, podam constituir novas unidades de propriedade. As sebes vegetais que bordeam estas grandes fincas seriam respeitadas e classificadas como massas comuns e teriam aproximadamente umha anchura de 10 metros. Tambem cremos que a distância máxima que deve mediar entre um lindeiro vegetal e outro andaria sobre os 100 metros.

A CONCENTRAÇOM POR PRAÇAS: UM MODELO ALTERNATIVO

Até aqui vinhamos expondo pautas ecológicas que de maneira genérica podem impedir a drástica mutaçom da paisagem galega, porém nós temos nos miolos um ambicioso projecto que damos em chamar "concentraçom por praças" e que pensamos é um modelo adequado para zonas semelhantes à comarca da Límia, pois o seu impacto ambiental seria nímio e o investimento mínimo.

As praças do labradio que recebem também o nome de agras, som a configuraçom ancestral da ordenaçom rural de moitas bisbarras de Galiza. A sua superfície é mui variada e nom se pode estabelecer um tamanho regular. O que define fisicamente a umha agra é o feito de case sempre estar arrodeada por sebes vegetais formadas por silveiras, carvalhos, amieiros bidueiras, acivos, etc. Que servem de agarimo fronte as inclemências climáticas e som o abeiro de numerosas espécies de animais que contribuem a manter o equilíbrio natural. Estas barreiras som a base dumha agricultura sustentável que é incompatível coa agricultura convencional que abusa dos produtos fitosanitários altamente tóxicos e com repercusons imprevisíveis para o médio ambiente.

As praças ou agras están separadas por caminhos, carrouchos, corgas, corredeiras e as vezes por pequenas cortinhas que formam massas mui mestas de vegetaçom árvórea. Entre agra e agra podemos encontrar terras comunais adicadas a pasto onde todos os vizinhos gozam do seu aproveitamento. Outras veces entre as agras hai zonas mais húmidas que normalmente som adicadas a prados e se a terra é algo mais seca a pasteiros, sempre coa ideia última de fornecer alimento para o gado, bem estabulado, bem ceivo nas épocas estivais.


As agras están divididas em leiras de diferentes proprietários. As lindes interiores destas leiras som definidas por marcos de pedra e cando as praças están bem aproveitadas nom soe haver sebes vegetais dentro delas. Nom obstante, e debido ao abandono do campo, surgem sebes arbustivas entre as leiras que configuram as agras.

Tampouco descartamos a possibilidade de que esta distribuiçom do nosso agro em praças de labradio fosse o resultado da chamada centuriaçom romana, algo así como umha espécie de concentraçom rudimentária.

O Direito galego concebía que cada filho, nas partilhas, havia de levar o seu anaco de leira como herdanza. Este dereito justo e equitativo, ao partir as terras fomentou o minifundismo. E o minifundismo foi nefasto para o nosso desenvolvimento agrícola, que sofreu um atraso com respeito aos países do nosso âmbito geográfico. Com todo, hoje, dentro da competitiva UE e tendo em conta as novas técnicas de agricultura biológica, o nosso minifundismo bem aproveitado pode ser umha fonte de riqueza. Máxime cando sabemos que a nossa paisagem em mosaico (bocage) somente existe nalgures de Bretanha, Inglaterra e Irlanda. Podemos aseverar que as parcelárias chegam tarde e que tal e como se fam atentam contra a



O campo de batalha fica sementado de cadavres das nosas melhores árvores.



eséncia da cultura galega. A concentraçom por praças é o intento de compaginar a conservaçom da paisagem fruto da herdanza dos nossos devanceiros e o progresso sustentável do campo.

Como ja digemos antes, as praças están excesivamente segmentadas e por exemplo numha superfície de 5 hectares encontramos mais de 15 pequenas leiras de donos diferentes. A ideia central da concentraçom por praças consiste em juntar essas 15 pequenas leiras e convertí-las em 5 leiras de 1 hectare, ja que esta superfície seria suficiente para asegurar umha explotaçom viável.

Os labregos som conhecedores da importância que tenhem as sebes e as silveiras como barreiras de protecçom e por isso a vegetaçom perimétrica das agras nunca foi considerada como um estorvo para o labor. Entóm nom haveria problema a hora de respetalas sebes e as árvores que se conservassem nas cabeceiras das novas fincas. Mais poderia dar-se o caso de que um novo propietario se visse prejudicado ao tocar-lhe umha leira no extremo da agra e por tanto ter três lindeiros com vegetaçom árvórea. A soluçom nom será, por suposto, fazer desaparecer o lindeiro lateral como provavelmente faria um estulto técnico da Conselleria, a soluçom seria compensar ao novo propietario com mais terra por permitir a conservaçom desta sebe lateral.

DESERTIZACIÓN CULTURAL NA GALIZA

As concentracións parcelarias son a primeira causa do gravísimo e irreversible impacto sobre o noso patrimonio histórico e arqueolóxico.

Existe unha absoluta carencia de estudos previos ás concentracións que podan preservar e respectar dalgunha maneira o noso legado cultural. As delegacións de Patrimonio, dependentes da Consellería de Cultura, limitanse unicamente a enviar ao servizo de Estructuras Agrarias as cartas arqueolóxicas das zonas a concentrar. Trátase de documentos incompletos que non indican os límites legais de protección dos xacementos nen garanten a súa conservación.

A carencia de estudos das calzadas medievais e romanas deixa ver claramente o nivel de destrución ocasionado polas concentracións parcelarias. Se calculamos a partir das 300.000 has afectadas nos últimos 4 anos, obtemos a escalofriante cifra de destrución do 10% das calzadas medievais e romanas de Galiza. Nen siquera as calzadas romanas catalogadas están protexidas realmente, pois aí temos o exemplo da **Via Nova nº XVIII do Itinerarium Antonini** que unía Bracara Augusta con Astúrica Augusta, ao seu paso polos concellos Ourensáns de Vilar de Santos, Xunqueira de Anvía e Sandiás.

Tampouco os xacementos arqueolóxicos catalogados sos respectados polas concentracións parcelarias; claro exemplo disto témolo no concello de Xinzo de Limia onde nos últimos anos foron destruídos polas concentracións 11 xacementos arqueolóxicos catalogados, pasando aos novos propietarios as terras onde se localizaban estes; ou no caso de Cardeita (Sandiás), onde foi destruído recentemente un xacemento do Paleolítico, descuberto fai anos polo profesor Cerrato.

A elo hai que sumar as graves perdas lingüísticas xa que, ante a carencia dun catálogo de toponimia menor, a desaparición das zonas de referencia durante a fase de explanación das concentracións parcelarias deixa como resultado a perda de centos de milleiros de topónimos.

Podemos afirmar que as concentracións parcelarias están debastando milénios da nosa historia e do noso legado ancestral, conseguindo o que até o de agora non fixeron nen as guerras nen o tempo: **a Destrución da cultura e da identidade dun povo, o povo GALEGO.**

Eduardo González
Comisión de Patrimonio da Plataforma
Contra a Desertización.



Calzadas romanas e medievais, e xacementos arqueolóxicos non teñen nengun valor á hora de proxectar unha concentración. As mellores pezas dun patrimonio público muitas veces descoñecido pasan a engordar o comercio privado, depois da destrución dos seus emprazamentos históricos.



Por último nom queremos rematar sem dizer que a paisagem tradicional da Límia, a parte do valor biolóxico e ecolóxico, garda un valor paisagístico que nom sem certo atrevimento consideramos "monumental", pois os nosos labregos som os artífices desta belísima ordeñom rural. Eles som os que século tras século lhe deron

forma e lograron umha relación simbiótica coa terra, da que dependiam, absolutamente harmónica. As concentracións parcelarias destruírom este equilibrio e o home lavrador de hoje nom respecta aquilo que foi a clave da supervivencia dos seus antecesores. ■

(*)MEL: Movimento Ecoloxista da Limia

CONCENTRACIÓN PARCELARIA A XUIZO :

¿PROGRESO RURAL OU FALCATRUADA ECOLOXICA?

Santiago Bacariza Cortiñas (*)

Velaquí, plantexado friamente, o cerne da cuestión. Sobre a lona do ring, dous púxiles enfróntanse abertamente na disxuntiva do interrogante. Dunha banda, os responsables da Administración, entalados nunha posición entre ignorante e burocrática, para os que a dúbida ofende. Pola outra, as opinións baseadas en comprometidas militancias ecoloxistas, que negan teimadamente, ata tres veces se fai falla, a relación da medida co progreso.


Atrapados -e mais atrapallados- entre dúas liñas de fogo, é necesario atopar vieiros que compatibilicen ámbalas dúas posicións. A pobre realidade socioeconómica do sector primario -como quen di dos nosos pais e avós-, non nos permite a frivolidade de virarnos de costas diante do problema. Cómpre que dirixamos os nosos esforzos e as nosas axudas cara a un dos sectores tradicionalmente máis marxidados. O secular minifundismo galego é un atranco que pon freo ó desenvolvemento do noso país, que mesmo vai máis aló da realidade agraria para se manifestar nun minifundismo intelectual, onde cada quen defende a súa pequena leira considerando que é a mellor-ciña do mundo. A concentración parcelaria é necesaria, é unha boa medida para atallar dun golpe enormes dificultades: aillacionismo, explotacións agrarias inviables economicamente, montes semiabandonados que agardan gorentosamente o lume, confusas situacións xurídicas da propiedade que enchen de preitos os tribunais, falla de accesos...

Mais atallar dun golpe os problemas non significa baterlle un trancazo a todo o demais. O impacto ambiental -eufemismo que agocha os atropelos desaforados que se cometen- é inadmisibile. A nova rede de camiños ten que se adaptar ás necesidades de servizo que han te-las fincas futuras, pero asemade teñen que se preservalos encraves de alto valor ecolóxico, se é preciso mediante exclusións por razóns medioambientais. A profunda alteración da paisaxe ten que ser minimizada mediante trazados adaptados ó terreo, anchos non desmedidos e plantacións liñais que camuflen e vistan as pistas. A revexetación de taludes, a recuperación de canteiras de materiais utilizados na execución das obras, a previsión das incidencias que sobre a rede de drenaxe tradicional poidan ocasionar los novos camiños e a prohibición de vertidos e excedentes de obra son algunhas das posibles

medidas correctoras que aminorarían a alteración de hábitats naturais.

O modelo de concentración, baseado na Lei de Galicia de 1985, segue o patrón marcado pola Lei estatal de 1973, deseñada para actuar sobre terreos de pastos e labradíos. Ese é o gran erro. Se non avaliámo-las árbores e actuamos como se non existisen, os propietarios non

teñen máis remedio que cortar e vender para non perderlo diñeiro da súa madeira. As concentracións de montes van camiño de se converter nunha actuación máis deforestadora que a construción de buques para servir ó anxeio imperialista de Felipe II e á súa Armada Invencible, ou as desfeitas de masas arbóreas que fornecían de trabes e carbón durante a gran expansión do ferrocarril, ou mesmo a incidencia demoledora do lume nestes pouco ventureiros anos. A proposta de reforma da Lei de Concentración Parcelaria que formulou a AGENG (Asemblea de Grupos Ecoloxistas e Naturalistas de Galicia) pode servir como base de reflexión.



O modelo de concentración, baseado na Lei de Galicia de 1985, segue o patrón marcado pola Lei estatal de 1973. Ese é o gran erro, ao non avaliar as árbores e actuar como se non existisen.



A NECESIDADE DE ESTUDIOS SOCIOECONÓMICOS

A idea de realizar un rigoroso estudio socioeconómico e agrario da zona antes de iniciar o expediente de concentración é unha medida que parece elemental á vista dos millónarios investimentos que supón levala a cabo. Habería que xustificar e atopar rendabilidade ós cartos que se pensan destinar a ese proxecto, da mesma maneira que faría un espelido empresario. Evidentemente non se trata de atopar un rendemento económico inmediato, pero al menos deben existir razóns sociais de fundamento agrario para a súa realización, e atreveríame a dicir que nalgúnhas concentracións en marcha sería complicado atopalas no medio doutras motivacións político-especulativas preponderantes. Igualmente deberíase analizar o previsible impacto ambiental, e decidir asisadamente se é asumible ou non.

En algunhas concentracións en marcha resulta complicado atopar razóns socioeconómicas que as aconsellen

A proposta de establecer un baremo complementario ó da clasificación das terras que permita a valoración das árbores segundo a súa especie, tamaño e idade, é case imprescindible se non queremos converter os nosos montes en ermas extensións baleiras de sombras. Que diría Rosalía, autora daqueles coñecidos versos sobre Castela: "...nin arbres que che den sombra, nin sombra que preste alento, llanura e sempre llanura, deserto e sempre deserto ...", se regresara do máis alá aqueixada dunha insoporta-



Algúns elementos poderán adaptar-se e sobrevivir, pero a degradación do legado ecolóxico, cultural e histórico do pobo galego resulta irreversible; as perdas son incalculábeis. Mentres tanto, a sociedade galega semella ter os ollos pechados ante tanta desfeita.

ble morriña por volver a ver "...estes nosos campos frescos..." e se atopara semellante desfeita. ¡Se cadra había renunciar á súa irredenta galeguidade!

AS AVALIACIONES DE IMPACTO AMBIENTAL

Sabemos que a incidencia ambiental da concentración é grande e hai que avaliala. E ademais é diferente duns lugares a outros, polo que resulta imprescindible realiza-los estudos pertinentes previos á actuación. A administración ten que reflexionar seriamente, e malfadadamente non semella ter moita vontade de facelo. Os técnicos agrónomos (enxeñeiros e peritos) deben recabar formación complementaria que garantice a salvagarda do noso ben preciado medio ambiente natural. Neste eido a colaboración de natu-

As aportacións dos grupos ecoloxistas han de ser entendidas como unha garantía para a defensa do interese común, e non coma unha insolente intromisión.

ralistas e as aportacións dos grupos ecoloxistas han de ser entendidas como unha garantía para a defensa do interese común, e non coma unha insolente intromisión.

Aproveita-la ocasión para deseñar políticas complementarias de protección e para confeccionar censos de poboacións vexetais e animais, de lugares singulares dende o punto de vista medioambiental, ou de elementos patrimoniais (hórreos, muíños, vivendas de curiosa arquitectura rural, mámoas, castros, petroglifos...), sería unha medida - confeso un tanto inxenuo- realmente interesante.


Aínda hei de semellar máis coitado se digo que sería beneficioso que a Concentración formara parte de plans máis amplos de desenvolvemento comarcal, que conviría que se definira cal é o modelo de agricultura que se quere, e como se pode lograr que esta, no canto de ser pernicioso para o medio ambiente, fose naturalmente complementaria. Hai que ser pouco asisado para permitir que tralo proceso de concentración non quede unha árbore en pé e de seguido ofrecer axudas para a repoboación forestal de terras agrarias. Ou facilita-lo camiño para transforma-los montes en pasteiros e ameazar de contado coa aplicación de supertaxas derivadas da cota láctea. Sen embargo, din que para ser gobernante hai que ser moi arteiro e entender de todo. Polo que se ve somos os outros os que non entendemos nada. ■

(*) Santiago Bacariza Cortiñas é Enxeñeiro Agronomo.

MORATORIA NA INSTALACION DE INCINERADORAS EN CANADA

Ontário.

A ministra de meio ambiente, Ruth Grier, confirmou hoxe a decisión do goberno de prohibir futuras incineradoras municipais de residuos sólidos en Ontário. "A incineración é incompatible con redución, reutilización e reciclado, xá que se apoia en constantes grandes cantidades de mezclas de residuos", afirmou a señora Grier. "Esta é unha solución superficial que non ataca o problema de raíz, debemos producir menos residuos."



GRAVE CONTAMINACIÓN DO LEITE EN HOLANDA

ROTTERDAM

O goberno holandés proibe a venda de leite de 16 granxas próximas á incineradora de Rotterdam polos altos niveis de dioxinas atopados no leite de vaca.

UN ESTUDO CIENTIFICO DO GOBERNO DOS EE.UU. AFIRMA QUE AS DIOXINAS AMIAZAN A SAUDE PUBLICA

L.V. (13-5-94)

Despois dunha inspección científica mais exhaustiva, a dioxina aparece mais perigosa que nunca para o ser humano.

A PRODUCCIÓN LIMPA É POSÍBEL

California (7-8-90)

O Director do Departamento de saúde, Kenneth W.Kizer, anunciou hoxe unha iniciativa pública/privada que tratará de reducir de forma importante a produción de residuos tóxicos incinerados en California para o final de 1992. O obxectivo deste proxecto será a redución nun 50% na xeneración de residuos tóxicos incinerábeis. "Como en medicina, é mais lóxico prevenir problemas en vez de ter que dar un caro tratamento a posteriori", declarou Mr. Kizer.

A incineración de residuos alarma aos ecoloxistas

Santiago/AGN

Os ecoloxistas manifestaron onte a súa oposición ao proxecto da Xunta de instalar unha incineradora de lixo, e solicitaron unha moratória nos plans de incineración.

MATERIAIS DIDACTICOS SOBRE INCINERACION

COMISION DE EDUCACION AMBIENTAL DA AGENC.



Verger considera que debe replantear-se a incineración, tras o éxito da protesta.

MARISA GOÑI. (D.M. 26-3-94).
Palma

"A participación na manifestación contra a planta incineradora foi suficientemente masiva como para replantear-se a fórmula eleixida polo Parlament", declarou onte o presidente do Consell Insular de Mallorca (CIM), Joan Verger.

A Comunidade de Madrid rechaza a incineración como sistema para eliminar as basuras urbanas

MARGA BECEDAS

O Conselleiro de cooperación anunciou onte que a Comunidade non utilizará o método de incineración para o tratamento dos residuos sólidos urbanos. A Axencia de Medio Ambiente que non está suficientemente demostrado que as emisións da incineración de basuras non sexan perxudiciais para a

Mais de 200 médicos creen que a planta incineradora é un perigo para os nenos.

D.M. (24-3-94).


Alteracións no sistema reprodutor, infertilidade, aumento da mortalidade de fetos, alteracións irreversibles no desenvolvemento infantil, diversos tipos de cancro, alteracións no sistema inmunitario e nervioso... Estas son algunhas das enfermidades que poden producirse debido ás emisións tóxicas da planta incineradora de Son Reus.

AS INCINERADORAS

Incinerar é queimar. E todos sabemos qué pasa cando facemos unha fogueira; ao mesmo tempo que arden os materiais, moitísimo fume sae á atmósfera, e ao final todo queda reducido a un montón de cinzas.

Pois ben, nunha incineradora fan o mesmo, pero non con leña ou carbón, senón que queiman grandes cantidades de plástico, papel, etc, materiais que tiramos cada día ao lixo, e que, en vez de reciclar-se para aforrar enerxía e materiais, empregan-se para alimentar un enorme forno, convertindo-se en fume e cinzas nas que hai substancias moi contaminantes.

EMISIONES DE UNA INCINERADORA DE RESIDUOS
VIAS DE EXPOSICION PARA EL SER HUMANO



AQUI TENDES ALGUNHAS SUBSTANCIAS QUE SAEN DAS INCINERADORAS

DIOXINAS:

Son substancias químicas formadas pola combustión de plásticos e outros materiais ás altas temperaturas que se empregan nas incineradoras.

Están consideradas coma as substancias fabricadas polo home mais tóxicas e bioacumulativas que se coñecen. Calcula-se que a súa toxicidade é 70.000 veces maior que a do cianuro.

Entre os efectos mais perigosos que producen nos seres vivos está a formación de cancro e as mutacións xenéticas.

Tamén causan importantes trastornos no sistema inmunolóxico (encargado da defensa do organismo fronte ás enfermidades normais), neurolóxico e endocrinolóxico (encargados de coordinar o noso corpo).

METAIS PESADOS:

Son elementos presentes habitualmente na natureza en pequenas concentracións.

Así temos a *Don Mercurio*, *Don Cadmio*, etc. que cando chegan a unha incineradora van ser concentrados, pois non se destrúen co calor; esa concentración fai-nos moi, moi perigosos para a vida pois acumulan-se nos tecidos dos animais e plantas, podendo chegar a causar a morte dos seres vivos.



GASES ÁCIDOS:

Son compostos químicos formados nas incineradoras, que, se se condensan na atmósfera e caen á terra en forma de choiva ácida, producen serias alteracións na vexetación e na fauna.


As incineradoras producen moitas mais substancias tóxicas e perigosas. NON deixes que che enganen se che din que non causan contaminación nengunha. LEMBRA que unha incineradora é unha fábrica de dioxinas e gases tóxicos, e as consecuencias que teñen nos seres humanos e en todos os demais seres vivos. Por eso debemos loitar contra elas. Unha forma de aprender o que é unha incineradora é xogando, e para elo mostramos-vos estas actividades.

¿SABES O QUE PASA CANDO SAE DA TUA CASA? (o lixo)

Actualmente en Galiza, o lixo que cada un de nós produce diariamente é recollido sen seleccionar (excepto nalgúns vilas que teñen recollida de vidro e papel) e é levado a vertederos ao ar libre onde, cando a choiva cae sobre eles "lava" o lixo que conteñen, arrastrando produtos tóxicos até os ríos e o mar, onde poden acumular-se nos tecidos dos peixes.

A alternativa que propón a actual Administración Galega é a das INCINERADORAS. Con elas pretenden aproveitar a enerxía calorífica que produce o queimado do lixo para a obtención de enerxía eléctrica.

Esto supón a destrución dun potencial recurso de materia prima como é o lixo, e conleva un proceso




altamente contaminante, incluso maior do que supón a actual xestión mediante vertederos.

Os produtos tóxicos que levan os nosos vertidos son concentrados mediante a incineración, e no proceso de queimado forman-se novas substancias cun poder contaminante enorme. Logo todas estas substancias perigosas son dispersadas por tres vías: polos FUMES, polas CINZAS, e pola AUGA.

Fronte a isto hai unha alternativa moito mais respetuosa coa natureza e con nós mesmos. É a REDUCCION, REUTILIZACION E RECICLAXE no consumo habitual de produtos. Desta forma aforramos enerxía e materiais que coa incineración serían destruídos.

Actividade didáctica con GASES

Trata-se de facer unha nube de fume con globos de cores. Cada cor representaría unha sustáncia determinada emitida pola chimenea da incineradora. Así, os globos verdes representarían o oxíxeno, os vermellos as dioxinas, os grises o monóxido de carbono (CO), os amarelos os óxidos de xofre, etc.



Unha vez hinchados os globos, cada neno e nena debe pintar o que lle suxira cada sustáncia (nos vermellos calaveras ou algo así, nos verdes un sol, etc.).

Logo soltarian-se para facer o fume.

Outra actividade sería encher os globos con sustáncias *contaminantes* ou *inócuas* según o que represente cada globo. Así, nos verdes meteríamos un vale por un bico, nos grises auga, nos vermellos area, etc, e logo soltarian-se os globos e explotarían-se para que os rapaces visen o que ten cada un dentro.

CONCLUSIÓNS:


O obxectivo do xogo é que os rapaces e rapazas coñezan qué contén realmente o fume que saíra dunha incineradora, diferenciando sustáncias naturais (oxíxeno), das artificiais (moi contaminantes, como as DIOXINAS, os FURANOS, etc.).

RECOMENDACIÓNS:

Logo do xogo, pode-se facer unha especie de mesa redonda na cal se preguntaría aos nenos/as se hai chime-neas onde viven, de ser así, saber se botan fume todo o tempo, só polo día, de qué cor é o fume, a forma do penacho, se ten cheiro determinado, etc.

Tamén se podería preguntar se entre os nenos e nenas coñecen casos de enfermidades de gorxa ou pulmóns, sobre todo aqueles que vivan en zonas onde hai moitas chimeneas ou en cidades.

O obxectivo da charla sería relacionar o fume con cousas desagradábeis como malos cheiros, enfermidades,...



Dioxina

Actividade didáctica con CINZAS:

Unha das razóns pola cal nos queren convencer das avantaxes das incineradoras é que eliminan o gran volume de lixo acumulado nos vertedeiros, e que non deixan resíduo algún. MENTIRAS!

Según o resíduo que se queime, até un 40% deles vai quedar en xeito de cinzas, co cal o único que se consegue é unha redución do volume, pero non a eliminación do lixo, nen das partes mais contaminantes deste. É un volume moi pequeno comparado co inicial de lixo, pero nesa "pequena" cantidade de cinzas están acumuladas e concentradas substáncias moi tóxicas e venenosas, sobre todo metais pesados, coma Mercurio, Cadmio,...

Temos pois que o problema dos residuos permanece, pois agora fai falla un lugar onde depositar estas cinzas tan perigosas co risco de que se produzan escapes ou perdas.

ACTIVIDADE:

Na actividade queremos representar o contido dunha bolsa de lixo antes e despois de que pase pola incineradora.

Para iso faremos nós unha propia na que os distintos compoñentes estexan representados por partículas de distinto tamaño, sendo os mais grandes os mais perigosos, e os mais pequenos, os mais inócuos. Así, iríamos dando-lle un nivel de perigosidade contaminante a cada figura, e introducindo-as na "bolsa do lixo".

Exemplo

	REPRESENTAN	NEGATIVIDADE8
Pedras negras	Mercúrio	-15
Cachos de carbón	Cádmio0	-10
Bolas de xoguete	Zinc	-7
Fariña	Plástico	-3
Area	Papel	0
Auga	Matéria orgán.	+5


Coa lista, fariamos unha avaliación da contaminación do lixo, que sería a suma de todos os índices.

Logo, pasariamos a nosa bolsa de lixo por distintas peneiras, cada vez con tamaño de poro mais pequeno.

Este peneirado representa o paso do lixo pola incineradora, este é o produto final, (as sustáncias de maior tamaño, coma pedras, bolas, cachos de papel) serían a cinza producida. Remata-se a actividade calculando-se a perigosidade presente na cinza que se fai de novo, sumando os distintos índices obtendo unha perigosidade maior na bolsa do lixo logo de pasar pola incineradora.

CONCLUSIÓNS:


Deste xeito gráfico tentariamos facer-lle comprender aos rapaces/as o xeito no cal se producen as cinzas nunha incineradora.



Diariamente producimos miles de quilos de lixo, produto dunha forma de vida baseada no consumo. Unha cousa tan normal como é sacar a bolsa do lixo todos os días produce unha cadea de acontecementos que non nos paramos a pensar. Escoitamos chegar ao camiión do lixo, e aí remata o noso problema. Pois non, acaba de comezar.



O camiión do lixo leva as basuras de toda unha cidade á incineradora, lugar onde se depositan miles de toneladas de residuos. Alí queiman-se para face-los desaparecer e así non sufrir os cheiros ou o impacto visual dun vertedeiro. Pero o problema agrava-se pois agora o que se fai é dispersar a contaminación no ár, na terra e na auga.



qu
n
non foro
Metais pesados,
e que se e

ASÍ ACABA O LIXO AÍ ACABAREMOS NÓS

Os fumes emitidos polas chimeneas son altamente contaminantes, pois están formados por substancias coma dioxinas, furanos, ... que producen graves enfermidades nas persoas e animais que as respiran.

Tanto as cinzas como os gases producidos nas incineradoras poden chegar á auga e acadar os ríos onde producen a morte dos peixes e a contaminación da auga que despois nós beberemos.


nde
nta-
remos

Logo de incinera-lo lixo, quedan un montón moi grande de cinzas, nas cais as substancias perigosas do lixo non foron eliminadas, senon que foron concentradas. Pesados, coma o mercurio, etc. que non arden na incineración que se expanden polo chan contaminarían gravemente a vexetación e aos animais.

Reduce-se o volume de lixo. As substancias mais lixeiras e voláteis escapan cos fumes e as mais pesadas quedan nas cinzas. Entre estas atopan-se elementos tan tóxicos e perigosos coma os metais pesados, que son concentrados ao reduciren-se o volume de residuos.

RECOMENDACIÓNS:

Que os nenos/as comparen os dous procesos:



-QUEIMAR os productos, co cal desaparecen a materia prima e quedan cinzas ou

-REUTILIZA-LOS, co cal a materia prima non se perde, e non se gasta tanta enerxía en voltar a fabricar eses mesmos productos que botamos ao lixo.

Que comparen a enerxía que gastan en facer un produto, coa que se obtén cando se reutiliza ou cando se incinera.


Actividade didáctica cos LÍQUIDOS

Un problema adicional das incineradoras é que o fume emitido polas suas chimeneas pode condensar-se e caer ao solo en forma de choiva.

Ademais as cinzas poden entrar en contacto coa choiva, cargando-se esta auga de substancias moi perigosas que van parar aos rios, producindo graves trastornos na vida acuática e contaminando a auga que logo nós bebemos.

ACTIVIDADE:

Collen-se tres botes e meten-se en cada un deles un anaco de pan. Ao primeiro botamos-lle auga soa. Ao segundo auga con zafrán ou calqueira colorante inocuo.



Ao terceiro, auga con lexía ou un veneno moi, moi malo, pero sen cor.

CONCLUSIÓNS:

Con ista actividade tan "abstracta", quere-se facer comprender aos nenos/as os distintos tipos de contaminantes. Así, a auga pode estar limpa e clara, e sen embargo ser moi venenosa (a lexía non ten cor), ou estar turbia e de cor rara, e non ser venenosa aínda que non se poida beber.

O obxectivo é que comprendan que as dioxinas, metais pesados, os contaminantes en xeral, non se diferencian pola cor ou cheiro, senón polos efectos que provocan nos animais, vexetación e nas persoas.

RECOMENDACIÓNS:

Os nenos/as terían que escoller qué pan se comerían, e como se supón que escollerán os dous primeiros, facer logo un pequeno debate sobre a contaminación dos rios e das augas, que non é sempre visible.

XOGO DE ROLES

Idades: a partir de 12 anos.

Duración aproximada: de 1h30 a 2 horas.

Obxectivos:

-Concienciar as/os participantes acerca do problema das incineradoras.

-Involucrar directamente aos/ás alumnos/as na toma de posturas razonadas, argumentadas...

-Fomentar a análise crítica dos distintos postulados.

-Potenciar o diálogo democrático e a búsqueda de solucións entre as/os participantes.

Explicación prévia:

Propon-se levar adiante esta actividade logo de ter traballado o tema.

No xogo de roles trata-se dunha teatralización da realidade acerca dunha problemática determinada; neste caso a incineración.

É moi importante que as/os participantes asuman os seus roles, interpreten o seu papel. Para elo precisarán información que deberán empregar na defensa dos seus intereses e da postura que lles tocou parodiar.

Descrición do xogo:

Ante o constante crecemento dos residuos que crea a nosa sociedade, os basureiros controlados ven-se desbordados na súa capacidade. É preciso buscar unha solución: recuperación, reutilización e reciclaxe ou queima de residuos?...

Desde a administración fai-se o anuncio de que en

breve terá lugar a instalación dunha planta de incineración ou planta de "recuperación enerxética" en Meirama.

É un tema complexo, que abre un debate moi importante dentro da sociedade galega con posturas moi encontradas: desde razóns que sosteñen que este sistema ataca á saúde pública até outras que defenden esa suposta recuperación enerxética...

As partes implicadas reunen-se para chegar a un acordo bó para todos e todas.

Roles:

- Prensa.
- Administración.
- Cidadáns en xeral.
- Plataforma pola reciclaxe e contra a incineración.
- Colectivo de persoal sanitario.
- Empresas de recollida de lixo.

PRENSA:

Os encargados deste papel teñen que informar cada 15-20 minutos nunha especie de telexornal de como vai o debate, comentando os feitos mais salientábeis até o momento e adiantando as novas intervencións, dinamizando así o xogo.

ADMINISTRACIÓN:

As/os representantes da administración (Xunta de Galicia) defenden as plantas de "recuperación enerxética" como a solución mais intelixente, mais futurista e menos contaminante que existe neste momento.

Cada galega/o producimos no ano 1989 unha media de 270 quilogramos de RSU, o que facía un total de 800.000 Tm/ano; esta cantidade ve-se incrementada ano a ano. A administración alega que ante esta produción de residuos é preciso a ampliación constante dos vertederos controlados o cal supón moitos problemas. Co sistema das plantas de "recuperación enerxética" reduce-se significativamente o volumen e residuos. Unha vez incinerados os RSU, transforman-se en cinzas, as cais ocupan moito menos espácio que os residuos actuais.

Supoñen un avance tecnolóxico importante que abre ademais novos mercados e postos de traballo (mantemento, operación, investigación,...).

Non precisa dun sistema especial de recollida dos residuos, con pequenos cambios incluso permitiría facer un tratamento das materias orgánicas (compostaxe).

Permiten estas plantas ademais un aproveitamento da enerxía producida, maior canto mais sexa a cantidade de materiais de alto poder calorífico (papel, cartón, plástico).

A sociedade do 2.000 precisa de todo tipo de envases cada vez mais sofisticados para consumir os seus produtos. Isto sería un problema sen as plantas de incineración. Pero grácias a elas poden-se eliminar estes envases, inúteis unha vez utilizados, sen nengun problema.

Hai outros países industrializados que optaron no pasado pola incineración. Non importa a valoración

actual que se faga das consecuencias; eses países resolveron o seu problema no seu momento.



CIDADANS EN XERAL:

Sodes cidadáns sen vinculación a nengunha asociación nen movemento cidadán.

Pensades que cada vez hai mais cantidade de residuos e que a administración debe solucionar este problema, para eso pagades os impostos.

Estades bastante de acordo con que queimar é unha boa solución, e non entendedes moi ben porqué hai xente que pon tantas pegas.

En canto aos problemas de saúde, pensades que se solucionarían poñendo estas incineradoras lonxe de calquer núcleo urbán.

Por outra parte, outro tipo de solucións parecen-vos excesivamente complicadas e pouco modernas (separación do lixo en orixe, reutilizar...). Ademais, hai algúns anos se empezaron a ver os contenedores de vidro polas cidades. Houbo unha campaña para levar todo o vidro a estes contenedores pero en poucos meses se viu que ditos contenedores non se valeiraban e acabástedes tendo a sensación de tomadura de pelo.

PLATAFORMA POLA RECUPERACIÓN, REUTILIZACIÓN, RECICLAXE E EN CONTRA DA INCINERACIÓN:

Sodes un colectivo de persoas moi variado: asociacións veciñais, partidos políticos, grupos ecoloxistas, comerciantes...aunando esforzos cuns obxectivos claros:

-Solucionar o problema dos RSU, a través da recuperación, reutilización e reciclaxe.

-Evitar a instalación das incineradoras, xá que as considerades como altamente perigosas para a saúde pública.

Non creedes que queimar o que sobra sexa o xeito de rematar coa base do problema dos residuos: o consumo desenfrenado.

Hai varias plataformas funcionando en Galiza, e xá tedes realizado moitos actos (manifestacións, roldas de prensa, pegada de carteis, anuncios,...). Todo elo para

lograr a sensibilización da sociedade. Sodes conscientes de que a única forma de conseguir os vosos obxectivos é a través da información. (Información complementaria no tríptico feito polas plataformas sobre este tema).

COLECTIVO DE PERSOAL SANITARIO:

Agrupa-se neste colectivo todo aquel persoal sanitario (médicos/as, enfermeiros/as, veterinarios/as...) sensibilizado coa problemática das incineradoras.

Coñecedes de cerca as consecuencias na saúde pública da queima indiscriminada de todo tipo de residuos (pilas, plásticos, restos de pinturas...): graves problemas respiratorios, cancros, malformacións xenéticas...

(Terian como material de apoio o dossier sobre incineración dos profesionais da saúde).

EMPRESAS DE RECOLLIDA DE LIXO:

Sodes as empresas que vos adicades á recollida do lixo, estades interesadas na incineración, xá que esto suporia o non desmantelamento do sistema de recollida e ademais haberia unha importante aportación económica por parte do Estado e da C.E.

Estades aliados coa administración e insistides especialmente na redución do volumen de residuos. (Mesma documentación que a administración).

BUFOS E CORVOS.

É un xogo avaliativo, polo tanto propon-se face-lo despois de realizar todas as actividades referentes á incineración.

Idades: de 9 anos en adiante.

Duración: 30 minutos.

Lugar: precisa dun lugar amplo, a ser posíbel ao ar libre.

Obxectivos:

- Avaliar as nocións adquiridas polas/os participantes na actividade anterior desenvolvida.
- Fomentar a diversión non competitiva.
- Aprender a analizar as palabras, as frases, rapidamente.

Descrición do xogo:

Hai dous equipos (Bufos e Corvos), marcan-se as casas de cada un deles e se lles explica que os bufos son uns animais que gustan da verdade e só din verdades, polo tanto rexeitan a mentira. Os corvos, pola contra, gustan das mentiras, só din mentiras, e evidentemente poñen-se vermellos de ira cando escoitan unha verdade.

Situan-se Bufos e Corvos no centro do lugar de xogo. Hai unha persoa (monitor/a, mestra/e, rapaz/a...) nun lado que vai ser o/a encargado/a de decir frases verdadeiras ou falsas. Empezara-se con frases moi obvias para que entendan a dinámica, para logo complica-las e relaciona-las co tema que nos interese avaliar.

Cando esa persoa diga unha frase VERDADEIRA, os corvos que desprezan as verdades persiguen aos bufos até a súa casa.


Cando diga unha frase FALSA, os bufos, que non poden soportar as mentiras, persiguen aos corvos até a súa casa.

Se algun bufo é atrapado, converte-se en corvo. E se algun corvo é atrapado converte-se en bufo.

Hai que intentar que nengun equipo quede eliminado. Hai que compensar entre verdades e mentiras para que, ao remate, queden mais ou menos iguais. Non se trata de gañar ou perder, senón de avaliar.

Exemplos de frases:

- Todos os que estades aquí sodes nenos.
- Cada galego/a producimos diariamente 1 quilogramo de basura.
- As incineradoras son almacéns que están a moita temperatura.
- Incinerar as basuras produce sérios problemas para a saúde pública.
- As dioxinas son uns bichiños que cando se che meten no nariz, pican moito.
- Empregar papel reciclado contribue a reducir a cantidade de basura que producimos.
- As cinzas que quedan da incineración de basuras poden-se empregar como abono, enriquecendo deste xeito os nosos pobres solos galegos.
- Os fumes, as augas e as cinzas procedentes da incineración son altamente tóxicos.
- Comprar só os produtos que necesitemos, e buscar aqueles que teñan menos envoltorios e envases, contribue a conservar o noso medio ambiente.
- As incineradoras son económicas, sanas e ecolóxicas. Son a técnica do futuro.
- Poñer en marcha as famosas 3R, é a solución mais ecolóxica para o problema dos residuos.
- etc...



TRAVESIA PRIMAVERAL

POLOS MONTES DE TREVINCA

por *Gustavo Docampo*(*)



Fervenza do Xares

Temós o tempo como aliado e o sol confire á paisaxe unha luz limpa que destaca as formas do manto primaveral. Foi ano de choivas e de neves e Maio viste as mellores galas nas suaves ladeiras das montañas valdeorresas.

Saimos do Barco despois de xantar para chegar a aldeña de Ponte a boa hora e iniciar unha nova ascensión aos cumes de Trevinca. Ao pasar no coche xunto ao encoro de Prada, un ten a inevitable visión do pobo de Alberguería con casas, prados e leiras, con toda a súa historia afundida baixo as augas grises do Xares. As mesmas que sirven hoxe de relaxante refresco aos centos de domingueiros que ocupan estas "praias" os sábados e domingos do verán.

Seguimos fascinados coma o primeiro día coa arquitectura desta comarca do Bolo, aínda ben gardada pese aos numerosos chalés de "estilo emigración" abeirados á estrada, algunhas veces discretamente separados dos vellos casais como se non quixeran perturbar a súa harmonía. Pobos de pedra de grao e pizarra con elegantes igrexas barrocas testemuñas dun pasado vizoso.

É precisamente esa harmonía entre a paisaxe e a vida rural o que nos fai preferir este acceso ás Trevincas. Facelo por Sobradelo e Casaio deprime o espírito e fire a sensibilidade ao contemplar tanta inxustiza coa paisaxe.

En Ponte hai un refuxio de montañeiros onde se pode pasar a noite, mais como o tempo acompaña decidimos facelo en plena serra. O camiño cheo de auga atravesa toda a veiga verde coa rumorosa compañía do río que baixa con abundante caudal. Pasamos a noite, como outras veces, nun dos chozos para o gado que



Pena Trevinca
(2.124 m.)

Unha gran cruz de cemento, caída no mesmo cume, recórdanos os intentos dos humanos por enfatizar o carácter emblemático desta altura e o rechazo da natureza a deixar mudar a súa fasquía solitaria e agreste. É tamén o momento da lembranza dos pioneiros que, como Gonzalo Gurriarán, puxeron tanta paixón en dar a coñecer as posibilidades destes montes para o lecer dos galegos.

están aos pés do Cabrón, sentindo como baixan as nubes a descansar acobillando as estrelas nun manto de misterio.

Ainda que xa temos decidida a ruta a seguir, desde este lugar podería tomarse á dereita unha vereia empinada que vai entre rochas a buscar as encantadas lagoas da Serpe e Ocelo, xunto ás crestas montañosas que separan o val do Xares e o do alto Bibei, que rega as terras de Porto de Sanabria, xusto onde remata a principal cañada da transhumancia extremeña que un programa da Unión Europea está a recuperar nos dous últimos anos.

Estamos xa na parte máis fragosa da nosa andaina, as costas fanse empinadas e o río, tras recibir o regueiro da Valigota que baixa do Sextil Alto, é xa un rumor perdido entre a maleza. Tras cruzar dun salto a corrente de auga o carreiro faise máis duro. Ao pouco tempo podemos admirar o espectacular cachón de auga que fai o Xares ao desprenderse ao vacío desde o Alto Escavadoiro batendo a auga contra as rochas. Esta fervenza é un dos lugares máis fermosos da Serra e a súa contemplación xustifica sobradamente o esforzo ata aquí realizado.

O carreiro é agora máis suave, o río recién nacido busca inseguro o seu camiño entre as encostas cubertas de neve. Por ela ascendemos aos Altos do Xancianal e ata o mesmo cume de Trevinca Sur (1.224 m.). O teito da Galiza ofrece ao montañeiro abertas panorámicas en todas as direccións. Aquí se unen as comarcas naturais da Cabreira e A Sanabria, do Bolo e Valdeorras nunha irmandade natural e histórica de relacións sociais e económicas. Aquí se xuntan, como as pontas dunha estrela, as Serras Segundeira, Cabrera Baja, Porto e do Eixe. Nestes neveiros nacen os ríos Tera, Cabrera, Bibei, Casoio e Xares, o primeiro afluente do Esla, os outros da conca do Sil. Estamos no vértice dun conxunto natural de gran interese deixado non da man de Deus, senon dos desaprensivos buscadores de riqueza que hoxe son, cousas da mecanización, máis depredadores que en calquera tempo anterior.

Aquí comenza o Parque Natural do Lago de Sanabria creado en 1.978 e un non pode deixar de expresar, unha vez máis, o seu desacougo pola absoluta ausencia de medidas de protección real para o territorio galego deste espacio natural que forma un todo único superando os lindeiros administrativos. ¿Para cando unha acción da Xunta de Galicia que fixe un límite claro a invasión da Serra polas canteiras de pizarra ?.

Ao descer do Trevinca Sur continuamos polo corredor das Penas Negras para contemplar os despeñadeiros do Foio Castaño que dan paso a un val acochado que atesoura unha fraga autóctona de gran valor ecolóxico. Na base da Pena Survia tomamos a dirección surleste para admirar a amplitude do circo glaciar do río Tera totalmente cuberto pola neve. O tempo parece estar parado nestes mananciais que sacan auga das entranas da montaña.

Entre a Portela da Morteira Cavada e o Portelo de Portas seguimos o antigo camiño de Casaio a Sanabria, temos sorte pois a abundante neve que aquí concentra o vento non está completamente xeada e pode transitarse por ela sen perigo. O lago da Baña, que se deixa ver ao fondo do barranco, é outra referencia obrigada no Macizo de Trevinca que sobrevive permanentemente ameazado por pistas, canteiras e escombreciras de louxa.

As pegadas glaciais volven a notarse no pequeno lago da Cobra, na base norte da Pena Survia, na parte alta dese tesouro botánico, tan admirado como ameazado, que é a fraga de teixos (*taxus bacatta*) máis importante da península: o Teixadal.

Atravesado polo río Penedo e protexido entre as montañas, este auténtico museo vexetal chegou ata nós polo seu aillamento e difícil acceso. Cando grandes extensións de bosques destas serras foron talados para facer travesas para o ferrocarril, e cando hai uns anos os incendios forestais destruíron gran parte da superficie arbolada de Galicia, estas seis hectáreas sobreviviron*miragosamente como vestixio do

noso pasado prehistórico. O teixo é unha árbore que en raras ocasión se atopa formando bosque, velahí o encanto desta fraga. Aquí están tamén ben representadas as árbores autóctonas galegas cun rico sobosque arredor das augas frías e limpas que corren entre a espesura. Os teixos centenarios, de gran envergadura, forman coas súas ponlas e raíces entrelazadas un decorado de silencioso misterio que só interrompe o son do regato, que será a nosa orientación cando teñamos sensación de estaren perdidos.

Véñennos neste lugar os ecos da Historia: Dos antigos para os que o teixo era sagrado; daquel monxe de orixe cordobés e abade do mosteiro de San Martín de Castañeda que escolleu estes vales para o seu retiro espiritual e que o fixeron patrón os de Casaio co nome de San Xil; das partidas de labregos que, capitaneados polo abade de Casaio, usaron as montañas como retagarda nos seus ataques ós invasores de Bonaparte; dos fuxidos que tras a última guerra civil mantiñan a esperanza de conquistar a liberdade desde estas fortalezas pizarrosas.

Ao alcanzar a Cabrita vemos, a vista de paxaro, as instalacións, hoxe abandonadas, das minas de wolfran de Valborrás que mantiveron unha notable actividade nos anos da última Guerra Mundial. Era tan só o comenzo da inmensa desfeita ecolóxica que a explotación incontrolada de pizarras ía supoñer para esta singular paisaxe de montaña.

Cuarenta minutos máis tarde chegamos ao refuxio Fonte da Cova do Clube Pena Trevinca, veterana asociación que cumpre este ano o seu cincuenta aniversario. Aquí poderemos dormir e recuperarnos dunha intensa xornada. Ao lado do refuxio as ruínas dun hotel, construído a principios dos

anos setenta, como testemuña dun intento fracasado de instalar neste lugar unha estación de esquí. A estrada que comunica a comarca leonesa da Cabreira con Sobradelo é o acceso máis rápido ao Macizo e será o noso camiño de volta ao Barco.

Agora entramos nos dominios das pistas, as veces para chegar a ningures; das acumulacións de entullos que enchen vales, obstruen ríos e que, paradóxicamente, tapan novos xacementos potenciais; das excavacións xigantescas a ceo aberto que ninguén restaura cando fican esgotadas; dunha actividade mineira, en definitiva, que carece da necesaria ordenación para reducir o altísimo impacto ambiental que provoca. E recordamos un dato que limos recentemente: nunha mina de pizarra ata un 99% do total extraído son residuos. Normalmente a xente só coñece a parte triunfal das cifras, produción, exportación, volume de negocio. Non se quere ver a outra cara da moeda, a que fala de pan para hoxe e fame para mañá, de que o futuro dun pobo non se pode construír arruinando a súa paisaxe e destruindo o seu medio natural.

Quedan atrás os fronteirizos montes de Trevinca. Terras de histórico tránsito e de refuxio pese a dureza, de recursos naturais explotados con cobiza e desmesura. Terras solitarias nas que a natureza mostra con xenerosidade os seus encantos máis sobranceiros. ■

(*) *Nota do autor:* este artigo foi publicado na revista conmemorativa do 50 aniversario do Club Peña Trevinca, posteriormente non distribuída como censura ás referencias ao impacto ambiental das minas de pizarra.



Camiño
do
Teixadal

Facendo Camiño ó andar



Concello de Ares



Concello de Mugardos

Aportacións do mariño Ignacio Fernández Flórez

O DEBATE SOBRE A EXPLOTACIÓN DOS RECURSOS, O CASO DA SARDIÑA

Por Xosé A. Fraga Vázquez

A explotación dos recursos naturais, a súa correcta utilización e a necesidade da conservación, é un vello tema, sempre de actualidade. Na Galiza do século XIX un autor moi pouco coñecido, o mariño Ignacio Fernández Flórez, tomou parte activa no importante debate sobre a pesca da sardiña.

A explotación dos recursos mariños, particularmente pesqueiros, era un elemento básico da economía e vida social na Galiza da segunda metade do século XIX, etapa caracterizada pola expansión do sector. Xan Carmona, en diversos traballos, salientou esa importancia do sector pesqueiro e doutros próximos, nomeadamente a conserva da sardiña e salgado, mesmo como posíbel punto de arranque dun agromar capitalista.


A comparación con outras zonas do Estado revela a posición de vangarda da explotación pesqueira galega; desa pesca, a da sardiña ocupaba un lugar de privilexio. No ano 1881, nas rias galegas realizábase o 63,20% do total da pesca da sardiña no Estado, que fornecía de abundante materia prima ás numerosas fábricas de conservas; esta situación víuse beneficiada pola crise bretona deses anos, na que a industria punta no sector mundial da conserva da sardiña atopouse co grave problema de falta deste peixe nas súas augas.

OS ELEMENTOS DA POLEMICA: ARTES E VEDA

A explotación desa grande riqueza non estaba exenta de problemas e polémicas; entre estes conflitos, dos que algúns xa viñan do século XVIII, salientában o das artes a utilizar, o estanco do sal, as vedas, a conservación do equilibrio natural, etc., cuestións que adoitaban agachar unha loita de intereses. Unha cuestión central era a denominada liberdade de pesca; en xeral era un debate sobre as artes a usar e a época axeitada, sobre os límites aos que a pesca debía estar sometida para preservar a explotación.

A opinión xeral máis admitida, liberdade de pesca sen danar a preservación da especie, semella razoábel pero só

Os coñecimentos empíricos derivados das observacións das xentes do mar vian-se afectados polas presións das industrias conserveiras. O resultado era unha elevada confusión sobre o ciclo vital da Sardiña.



enunciaba o tema e tiña unha validez xeral; á hora de concretar algo era preciso abordar problemas técnicos, que afectaban á Bioloxía das especies explotadas, coñecer se eran sedentárias ou de paso, época de desove, etc., para fixar unha regulamentación que permitira combinar a explotación e mantimento do recurso, a súa conservación.


O certo é que a lexislación da época era bastante heteroxénea, dispoñendo variedade de artes e épocas de veda nas distintas zonas do litoral galego, que non sempre eran cumpridas. Perante a ausencia de estudos científicos axeitados e/ou centros de seguimento específicos, a base para esas disposicións ficaba no empirismo, nas apreciacións dos pescadores, recollidas das observacións efectuadas en moitos anos; a isto había que sumar as presións exercidas polos fomentadores, interesados nunha pesca sen limitacións. Polo que afecta á sardiña, o habitual era manter a veda entre agosto e febreiro, o que afectaba ao ritmo e intensidade das capturas e da actividade das fábricas de conserva.

As observacións da xente do mar, e persoas interesadas, tiñan unha longa historia. Durante todo o século XIX, o máis característico é atopar unha grande heteroxeneidade de opinións, que variaban, mesmo, segundo o punto que consideremos do litoral. Había coincidencia na importancia de coñecer a dinámica do recurso, cuestión que, hoxe sabemos, posúe unha complexidade maior da suposta, pero, en calquer caso, os medios utilizados eran claramente insuficientes e inaxitados.

O resultado era que había unha elevada confusión sobre o ciclo vital da sardiña; esta cuestión biolóxica tiña fondas consecuencias, pois había acordo en que se a sardiña era unha especie de paso polas costas galegas, non tiña sentido coidar a intensidade da pesca, e procedía explotar o recurso ao máximo, pois non se poñería en perigo a súa existencia e, senón se facía na Galiza, faríano noutros lugares, dado o seu carácter emigrante; pola contra, se a especie era sedentaria, supúñase que un esforzo de pesca excesivo e indiscriminado podería afectar ao seu futuro, sendo preciso delimitar unha veda e, mesmo, as artes a utilizar.

AS APORTACIONES DE IGNACIO FERNANDEZ FLOREZ

Un dos autores que mantivo unha continuada atención ao tema, desde a súa condición de afeizoado, foi o tenente de navío Ignacio Fernández Flórez, quen escribe, desde Arousa, sobre a emigración da sardiña defendendo a persistencia da veda (FERNANDEZ FLOREZ, 1885). Publicaría entre outros, uns *Estudios biológicos* (FERNANDEZ FLOREZ, 1887), nos que recolle diversas informacións sobre especies mariñas; no traballo fai referencia aos estudos mariños en Gran Bretaña e a Franza; parte da crise da pesca



Fernández Florez defendeu a persistencia da veda alá polo 1885, facendo fincapé na necesidade de coñecer o ciclo vital da sardiña

bretona e reseña diversas iniciativas para ilustrar o que considera un necesario impulso científico, biolóxico da explotación pesqueira; maniféstase en desacordo coa tese dos que relacionaban a distribución da sardiña e a alimentación; segundo a información que Flórez recolleu, directa e indirectamente, expón datos da alimentación e non se pronuncia sobre o factor determinante para o espallamento do peixe.

Os traballos deste autor teñen un carácter bastante elemental, empiristas, baseados nas observacións propias e dos pescadores sobre a dispersión de distintas especies de peixes, hábitos, desenvolvemento, etc... As posicións de Fernández Flórez lembran as dos mariños formados na Estación de Bioloxía Mariña de Nápoles (Anglada, Borja, Navarrete,...), que tamén prestaron especial atención ao mar galego, á explotación pesqueira e solicitaban a creación de diversos centros de investigación mariña nas costas da Península.

O interese de Fernández Flórez polo tema amósase no seguimento que realiza dos dous Congresos de Pesca. No ano 1885, e fronte aos múltiples problemas da Pesca, ten lugar o que será primeiro Congreso de Pesca no Estado español, organizado pola *Sociedad Económica de Amigos del Pais de Santiago*. A *Revista de Pesca Marítima* recolle o artigo do noso mariño, *La libertad de pesca y el Congreso de Galicia*. Entre o 22 e o 31 de xullo de 1886 celébrase en Santiago o segundo Congreso de Agricultura y Pesca; Fernández Flórez relata, desde as páxinas de *La Voz de Galicia*, o debate sobre explotación da sardiña, que, remitido á necesidade de coñecer o seu ciclo vital, é asignado como tema de estudo para o "futuro" instituto biolóxico; eloxia a intervención do médico e catedrático Luis Rodríguez Seoane, quen manifestaba, que non abundaba coas observacións existentes para decidir se a sardiña era especie de paso ou non.

Asemade, Ignacio Fernández Flórez colaborou con Carús Falcón no seu libro *Los Misterios de la Naturaleza. Investigaciones sobre el Microplakton de la Ría de Arosa* (CARUS FALCON, 1903); é o autor dunha carta xeográfica da ría de Arousa que acompañaba ao texto.

Para rematar diremos que fronte á lamentábel ausencia na Galiza do século XIX de centros científicos axeitados e de especialistas no estudo da Bioloxía mariña, debemos salientar e eloxiar o labor e o interese de persoas como Fernández Flórez, que, limitados nas súas posibilidades de estudo, realizaban observacións, preocupábanse polos recursos e urxían a necesidade de dotar ao país do laboratorio mariño preciso.

BIBLIOGRAFIA

- CARUS FALCON, R. (1903). *Los misterios de la Naturaleza. Investigaciones sobre el microplakton de la Ría de Arosa*. A Coruña, Impr.Ferrer, 175 pp, XIV 1ms.
- FERNANDEZ FLOREZ, I. (1885). La emigración de la sardina. *Revista de Pesca Marítima*, 1:81.
- FERNANDEZ FLOREZ, I. (1887). Estudios biológicos. *Revista de Pesca Marítima*, 3:214-217. ■

A VOZ REVELADA DE MARICA CAMPO

Por EMÍLIO XOSÉ ÍNSUA

A publicación en 1992 do poemáreo *Tras as portas do rostro*, en Bahía Edicións, cun limiar de Manuel María, deu-nos a oportunidade de coñecer unha voz literaria de grande calidade e de meirande emoción. Trátase dunha muller, MARICA CAMPO, que até ese intre só deixara constancia da súa produción en certames "menores", como "Meigas e Trasgos" de Sárria ou "O Facho" da Coruña. Nacida no Val do Mao, no Incio lugués, e residente desde hai anos na Regueira-Xove, onde traballa como mestra, Marica Campo demorou até o límite a publicación duns poemas que, á postre, resultan ser dunha calidade e fondura impresionantes, ideais para quen goste da poesía en carne viva, directa e humana, lonxe dese esteticismo vácuo e palabreiro que inundou certa poesía galega nos últimos tempos. Esta sección abre-se hoxe para facer unha lectura desde a sensibilidade humanista e ecolóxica deste poemáreo.

A terra natal da autora, o Val do Mao, inspira o poema que abre o libro. Hai ao comezo unha especie de evocación-invocación máxica da paisaxe, que chega ao recordo polo saibo dunha mazá:

"Polo zume agridoce das reinetas
acode a min o Val e sortilexio"(...)

Marica dirixe a súa voz á paisaxe, solicitando dela un consolo, un bálsamo de candor, de espontaneidade e alegría, en contraste coa perspectiva desde a que fai a evocación, marcada pola soidade, a tristura, a desazón:

(...) "Burla o tempo comigo
e faremos o leito no colo das montañas,
vestiremos co verde dos carballos,
cinguiremos o van de madresilvas,
encheremos o alento de amorodos
e cereixas e arandos doutros días" (...)

Sen embargo, a propia evocación do Val do Mao acabará alimentando esas sensacións desoladoras das que partía a autora, pois unidos ao recordo do val están a nenez feliz xa perdida ou o primeiro amor, agora tan distante. Ao final, o apelo ao Val é a procura dunha testemuña para a desolación da poeta:

(...) "Olla a miña pantasma: come lilas,
pálidas lilas
mortalmente ancoradas nalgún libro." (...)

Este ton melancólico, triste, desgarrado por momentos, predomina no libro e empapa aqueles poemas onde se traslucen vivencias amorosas. Hai ecos rosalianos evidentes nesta vertente poética da Marica Campo. A soidade, produto do desencontro,

debuxa-se de maneira admirábel utilizando elementos moi comúns na poesía romántica do XIX (o paraíso, o sol, a lúa, as aves nocturnas...), pero agora nestes versos postos ao servizo da sinceridade, non do ademán afectado:


"Non entraremos da man no paraíso.
Amas a quentura do sol
máis que a luz doente da lúa.
Non entraremos da man
na mesta terra das madresilvas novas.
Alí onde a fervenza
deita un silencio poboado de arelanzas
agardo coa noite-compañeira
o berro frío das nocturnas mouras." (...)

O íntimo desasosego da poeta presenta-se nos en ocasións como unha imperiosa necesidade de fuxir dos espazos que tollen e apreixan a existencia. A casa cunha única fiestra aberta simboliza esa situación vital de encerramento, sen apenas saída. A autora fala con desesperanza, pois semella que o único que resulta posíbel facer é:

(...) "Fitar as pegadas dos outros que tamén debrozaron o seu
abafo

pola fiestra aberta
para formar un coro
subterráneo
que cantarola
un son de follas podres
nun devalar de río amuruxado." (...)

Tamén gostaría a autora, dado o seu estado de ánimo, vencido e desalentado, borrar do recordo o florecer da paixón e do sen-





MARICA DO CAMPO

timento, simbolizado, máis unha vez, na rosa:

(...) "Se puidese esquecer o reventar da rosa, luxuria dunha terra que os dous tripamos xuntos" (...)

Como consecuencia, a poesía de Marica acaba por veiculizar unha mensaxe de estoicismo, de soidade resignada e asumida, anque non sen dor. Fica samente a esperanza

dunha vellez, dun outono vital, pragado de evocacións con sentido:

(...) "Cando se murchen as lilas e os outonos pinten cardoxas viñas subterráneas onde hei cortar acios de tempo ido amarei, amarei a quen pregunte pola derradeira sorte das pombas." (...)
 (...) "Agora que xa é tarde e o inverno baixa medo polos perfís do agoiro procuro entre as derrotas as mapoulas que foron incendio no verán." (...)

Esta resignación ou asumción converte-se en forza, en empuxe para afrontar e rebater a tristura doutros semellantes, a dunha amiga, por exemplo:

"Non me morras, amiga, que aínda é cedo a morte. Non devales no limo amarelo da derrota, non inventes a sombra, esquece a misa negra. Imos buscar a vida, coroala de vida, mordela e que nos morda, querela e namorala. Olla a vida, esa deusa que oficia a cerimonia de si mesma en altares tan grandes coma o mundo."

Talvez por este motivo, por momentos atravesan os versos da nosa poeta luzadas de esperanza, afirmacións categóricas de optimismo e de confianza:

"-Bate, corazón, que un día o sol quentará esta terra."

ou a consciencia ardente de que nada do vivido foi en vao e de que o xogo de "perdas e regresos" é o verdadeiro, por máis que contradictorio, sentido da existencia:

"Quen se hospedou na casa do amor por unha noite coñece a sombra e masca ardida cinsa moura e cingue o van coa hedra da soidade grande. Pero garda memoria dos días da fartura, os das horas fugaces que poboaron as veas. Nun ritual ferido de perdas e regresos bica-zuga a lembranza, bica-zuga a lembranza coma quen acha vida bebendo solimán."

En APOTEOSE DA HEDRA, poema considerado pola (xunto ao Manuel Maria) prologuista Pilar Pallarés como un dos máis significativos do libro, a nosa autora Marica Campo emprega o simbolismo das flores para exprimir os estados de ánimo. Despois de desbotar todas aquelas flores que non acaen ao momento anímico que atravesa, elixe a hedra como a que mellor representa a hora de olvido, abandono e soidade que rexe o seu espírito:

"Que non chegue a glicinia escoando nostalgia nin a rosa vermella encendendo o recordo. Non traia a madresilva o mel á lingua amarga, non veña a acacia e pinte de arrecendo a memoria. Non diga a lila o laio dos días esvaídos, que non alce a camelia a paixón entre a chuvia. Non a letal adelfa, non o xasmín de febre, non a hortensia, a petunia, o amarelle, o magnolio. Flores non. Hoxe é a hora da hedra, (...)"
 Vive en min, ouh hedra, porque o teu nome é o mesmo do olvido e só olvido anceia quen coñece o rostro inexorable da distancia. (...) Preciso da túa lingua vexetal entre os dentes para louvarte dende a desmemoria. Preciso da túa lingua vexetal entre os dentes para catar o teu viño sen remorso. Preciso da túa lingua vexetal entre os dentes para cuspir o veneno da culpa. Ven victoriosa, señora das derribas, ven amazona en egua cara ó vento. ven en celo, vizosa ven en saiba, ven selagre en cobras voracísimas. Di o meu nome, bautízame de sombra, escíbeme o epitafio sobre os muros e amareite sen min eternamente, sen mester da palabra polos séculos."

Noutro dos poemas de Tras as portas do rostro, Marica Campo quer identificar-se coa gaivota que chia tristemente na praia:

"Chía o teu desespero, ouh tecelá de néboas, salgada sombra branca, gaivota, miña amiga. Curvándote nas ondas escóate nas augas como unha bágoa acesa(..)
 Coñezo a túa tristura a mágoa transmigrada de gaivota a gaivota dende que o mundo é mundo. Pescudo as túas pegadas fuxidías na area eu, que levo naufraxios, coma ti, nas meniñas."

Entre os poemas que se inclúen no libro, destacaremos dous onde a referencia á natureza está moi presente. O primeiro é TERRA BRAVA, título que coincide co do libro do escritor Ánxel Fole, a quen o poema vai adicado. Pertencen a este poema os seguintes versos:

"Souben eu dunha terra de xestas e de lobos onde a lúa xemía polas noites xabreiras."

A observación de aves, unha actividade divertida.


Por *Bruño Fraga Bugallo*

(Coléxio, Eusebio da Guarda, 5º Curso)

As aves, eses seres que voan polos nosos campos e cidades, que sempre podemos ollar perto de nós, son uns animais preciosos, que nos permiten disfrutar deles, observándoos. ¿Cómo?, pois é moi sinxelo, como ides ver.

Material necesario


Uns **prismáticos** son moi útiles; por un precio asequíbel podedes acadar uns decentes, e malo será que nun cumpleanos ou celebración semellante, non vos caiga algún. Os modelos preferíbeis son os de 7x50 ou 8x30. Eu teño un 10x50 e aínda que vale, é bastante latoso para o axuste.



Un **caderno de campo**. Vale calqueira block ou libreta, pero o máis práctico para utilizar é un block pequeno, de peto, pois para andar movendo-te e utilizar os prismáticos, unha libreta grande resulta moi incómoda. No caderno debes apuntar as observacións que fagas, a súa data, tempo e lugar; os debuxos axudan moito e podedes revisar as anotacións e debuxos na casa. ¡Ah!, ¡Claro!, non esquezades o lápiz e a goma.



→ Caderno de campo



Unha **mochila**, vella, pero resistente e ampla, na que levaredes unha boa, e actualizada, **guía de aves** e demais materiais que podades precisar, un bocata, un sobre para gardar plumas, unha gorra, ... Se o caderno de campo é grande, levade-o dentro; se fose pequeno pode ir no peto da vosa trenka ou pantalón. Tamén debes ter en conta a roupa, que debe ser cómoda resistente e de cores apagados (verde, marrón,...)

Entre as diversas guías que hai nas librerías, vos recomendo a *Guía das Aves de Galicia*, da que son autores X.M.Penas Patiño, Calros Pedreira e Calros Silvar, publicada por Bahía edicións.

Xeito de observar

Aínda que podes observar cando queiras, as mellores horas para face-lo son á mañán cedo e ao solpor. Debes procurar, cando estas observando unha Ave, que o vento



(ven da páx. 34)

Eu souben dunha terra que percorría a chuvía petando nos tellados como ánima en pena, a mesturar os soños coa canseira dos días que enxugaba a memoria fuxidía do vento."

Finalmente, Marica adica un poema á figura de Emily Dickinson, a quen define con estas metáforas cheas de natureza:



"Gándara baldeira baixo un ceo baldeiro: soñabas con ser fraga nun lecer de paxaros ou froital horto verde ou centeeira loira na calor da seitura."

che veña de fronte, para que non te ulan; agacha-te detrás dunha árbore ou arbusto, ...; intentade non ir moi cargados, para movervos con mais liberdade e non facer ruido.

Cousas para observar e apuntar

Hai moitas posibilidades de observación, segundo o momento e interese. Se queres identificar a Ave é preciso que te fixes nalguns rasgos básicos:

- a forma de vó (en círculo, en zig-zag,...)
- o tamaño relativo, a cor, o canto, o peteiro,...., tamén é útil, cando xá vaia un coñecendo algo,



fixar-se nas diferéncias sexuais e de idade. Quizais hai rasgos que ti observes e non veñan no libro, isto é moi importante que o anotes no teu caderno de campo.


Coas Aves podedes tamén realizar algúns interesantes experimentos. Propono-vos un sinxelo e que mola, un experimento sobre alimentación de paxaros.

Material preciso:

- Táboas para construír comedeiro.
- Cacahuètes, pipas, frangullas de pan, baías,...
- Prismáticos, se se pode.

É doado examinar cómo se alimentan os paxaros. Para a proba podemos construír un comedeiro, co que, tamén,

axudamos á alimentación destas Aves. Para a nosa experiencia vai unha pequena táboa suxeita dunha árbore e nun sitio algo protexido pero que permita a observación.



No comedeiro situamos a comida (cacahuètes, pipas, frangullas de pan, baías,...), apuntando nun papel, no que se anotarán os resultados:

	Número ao principio	Número ao remate	Comidos
Cacahuètes			
Pipas			
Frangullas			
Baías			

ALIMENTOS

Durante un tempo observamos e despois contamos os alimentos consumidos, o que permite coñecer os preferidos por estes animais.

ALIMENTOS/PAXAROS

A experiencia pode completarse se distinguimos os principais tipos de paxaros que acoden a comer; neste caso podiamos engadir outra anotación, indicando o número de alimentos que consume cada especie, co que saberiamos algo sobre o gusto alimenticio de cada unha destas Aves. ■

Vacacións pola Paz

ESCOLIÑA INFANTIL DE ARTES PLÁSTICAS

CURSOS DEPORTIVOS DO VERÁN

CAMPAMENTO CICLOTURISTA

ITINERARIOS "COÑECER OLEIROS"

"COÑECER OLEIROS" EN BICI

ACTIVIDADES XUVENIS

VERÁN • 94

• O • B • R • A • D • O • I • R • O • S •

mini-mini campamentos
... para os pitufiños

Itinerario Marítimo "PARDELAMIGA"

Viaxe a Praga

CAMPOS DE TRABALLO NA NATUREZA



FUNDACIÓN MUNICIPAL DE CULTURA
CONCELLO DE OLEIROS

O medio ambiente nos Concellos: A RIA DE FERROL

Pedro Santiago/Cerna

Comenzamos unha nova serie de artigos, na que pretendemos facer un percurso por todo o país, Concello a Concello, revisando o tratamento que, dende a "administración mais cercana ao cidadán", se da aos temas medioambientais. Non é a nosa pretensión facer un extensivo relatorio, nin un inventario medioambiental de Galicia. "Simplemente" fumos aos Concellos, buscamos á persoa responsable de medio ambiente e plantexámoslle tres sinxelas cuestións: 1º: Os recursos medioambientais no concello, isto é, os seus "pontos verdes"; 2º: os lugares e temas conflictivos, é dicir os "pontos negros"; e 3º: cal é a política ou políticas desenvolvidas desde o Concello sobre o tema, desde educación ambiental até saneamento, desde vixilancia e control até participación cidadán. Estamos recollendo bastantes datos; curiosos uns, agradables sorpresas outros, e descorazonadores feitos

algúns. O coñecemento das estruturas das que se dotan os Concellos para abordar estes temas, e a mentalidade co que o fan, falarán por si sós. Teremos por tanto as afirmacións non contrastadas de responsables políticos e técnicos da Administración. Por iso imos necesitar o imprescindible contraste que só tí, lector/a destinatario-sufridor/a das súas accións, que vives na comarca analisada, podes facer, e que seguro darán a visión de conxunto que aquí faltará. Gostárianos por tanto que os artigos desta serie xeneraran respostas, tanto para certificar os feitos e accións descritas como para negalos, tanto para felicitar aos Concellos como para crítica-los. Esperamos as vosas cartas. Démoslle pois unha oportunidade relaxada e amable a quen manexa parte dos cartos públicos que deben redundar nunha defensa e mellora do noso ambiente.

A RIA DE FERROL

Nesta primeira, algo apresurada entrega, relataremos os datos recollidos en algúns dos Concellos da comarca de Ferrolterra. Non están todos, sabemo-lo, pero mais por razóns técnicas que por intención. Non se preocupen os omitidos, que a nosa pretensión é chegar ás "313 Galicias", agrupando os concellos en comarcas homoxéneas desde o punto de vista ambiental ou administrativo... sempre que poidamos. Procuraremos que non quede ninguén fora.

Ferrol

En Ferrol, as competencias en medio ambiente (en diante M.A.) son responsabilidade da concellalía de Sanidade, Consumo, Mercados e Medioambiente. Ferrol participa no programa "Cidades Saudables", da Dirección Rexional Sur de M.A. da Unión Europea en colaboración coa OMS.

Dende a concellalía enfocase o M.A. desde a perspectiva mais global da saúde, recollendo o concepto de "saúde medioambiental" como un dereito do consumidor, da colectividade.

O traballo estruturase en tres grandes áreas: A prevención medioambiental, o Control de calidade ambiental e a Participación e sensibilización

En canto a prevención medioambiental surxe rápido na nosa conversa con Carlos Piñeiro, concellal da área, o tema dos Residuos Sólidos Urbanos (RSU). Falamos da instalación da planta de Mougá, pioneira na reciclaxe de

RSU. Tras dous anos de retraso na súa construción, o funcionamento foi avaliado como non satisfactorio polo Concello, debido fundamentalmente á baixa calidade do compost obtido e a alta porcentaxe de refugallos. Ferrol abandona o proxecto e ordena pechar a planta. Actualmente, os RSU da cidade depositan-se no vertedeiro anexo á planta, aínda que a vontade do Concello é pecha-lo en canto entre en funcionamento a estación de transferencia contemplada no novo plan da Xunta de xestión dos RSU.

A recollida de pilas, os contenedores de vidro ou de latas (refrescos..) para a súa reciclaxe empezan a ser unha realidade na cidade, tras firmar convenios coas empresas xestoras destes residuos, polo que se comprometen a tratálos.

Outro "punto negro" sen resolver é o da depuración das augas residuais. Neste tema o Concello inhibese por falla de competencias e de capacidade presupostaria. Levan anos solicitando que a Xunta poña en marcha o plan de saneamento integral da ría, que inclúe un colector na marxe dereita, actualmente en construción nas súas primeiras fases, desde Narón á punta da ría, coa súa estación depuradora e emisario. O proxecto en detalle non se coñece no Concello, aínda que confían que antes do 2005 esté acabado.



Dentro dos programas de control ambiental están: o control de ruidos, que se ven realizando desde anos, e que contará en breve con un sistema automático de alarma nos puntos conflictivos; isto complementase con medidas do tipo de instalación de pantallas acústicas ou controles a vehículos.

O "teléfono verde", servicio recién estreado, comprométese a xestionar as reclamacións dos cidadáns en 48 horas. O servicio basease na imprescindible colaboración dos veciños para atallar vertidos incontrolados, ruidos, contaminación atmosférica etc. Alá onde non chega a policía municipal nen os catro sensores de contaminación atmosférica en funcionamento, espera chegar este teléfono verde.

Dentro dos "pontos verdes", falamos de Doniños, que conta cun plan de protección especial, no que se contempla o control de vertidos á lagoa e a construción dun observatorio de aves

Dentro da educación ambiental podense encadrar os programas de creación dunha aula da natureza en Brión, o módulo de M.A. da escola-obradoiro ou o exitoso "Bosque das nenas e dos nenos". Esta iniciativa do departamento de educación (do que tamén é titular Piñeiro), leva xa tres anos en funcionamento, e pretende ofrecer aos nenos e nenas da cidade a posibilidade de participar na creación dun bosque, sendo cadaun e cada unha responsables dunha árbore. O programa implica a profesorado, Concello e familias, realizándose a semente da árbore nas aulas dos coléxios, onde se controla a xerminación e os primeiros meses de medre. Despois a árbore levase aos viveiros municipais, onde espera a festa da plantación.

Mugardos

En Mugardos o propio alcalde coordena os temas de M.A.. Empezamos falando da rexeneración da única praia coa que conta o concello, nun lugar privilexiado polas correntes, que a mantén "bastante limpa". Remodelouse o entorno, adcentaronse os accesos e creou-se o areal. No tocante ao saneamento están en execución as obras do colector xeral, e adxudicadas as da depuradora, que contará cun completo sistema de tratamento biolóxico, deseñada para atender a 15.000 habitantes, case o dobre dos actuais. En tres anos, a rede de sumidoiros levouse o 90% do presuposto de obras do Concello.

Os RSU son unha fonte de preocupación. O 90 % da poboación está servida con contenedores de recollida. Coa entrada en servizo da planta mancomunada de Mougá, Costas clausurou o vertedeiro municipal, situado na palma, "unha das zonas mais bonitas da ria". Cando Ferrol pechou a planta, e até conseguir a súa reapertura creeron ter que comer as toneladas de lixo que se producían. Primeiro As Pontes, onde a falta de consistencia do residuo desaconsellou tecnicamente o

vertido. Logo Ares botou unha man, pero ao final houbo que utilizar o vello vertedeiro, no que se fixeron unhas obras de seguridade e adcetamento. Actualmente vai todo a Mougá, solución da que é firme defensor o alcalde. Non se mostra moi partidario da incineración que

propón a xunta, que "ademais vainos sir mais cara"

A prevención de incendios faise complicada pola existencia de múltiples fincas privadas abandonadas nas que non hai como meterlle man. "Existe demasiado solo protexido", e actualmente están en proceso de recalificación. De todos xeitos, a escasa brigada municipal abre sendeiros todos os veráns e limpa o pouco patrimonio

municipal en materia forestal. Aínda así, podemos falar de algunhas zonas recuperadas, o Campo da Rega, Seaña, onde se crearon zonas de esparcemento, replantouse...

Non acaba a entrevista sen falar da polémica poda de varias árbores no paseo de Mugardo á Palma, onde se



Aínda sendo unha comarca densamente povoada, carece-se dunha industria pesada que xenere fortes problemas ambientais, e persisten numerosas zonas en estado case natural, algunhas delas protexidas

cortaron polas de mais de 25 m. A poda xustifícase polo perigo que representaban para as persoas algunhas desas polas coas que xa non podían as árbores. A poda fora contestada no seu día por veciños e asociacións, pero o alcalde mantén a súa postura, e argumenta que pasado xa algún tempo as árbores volven a ter copa e mellor saúde que daquela.

Ares

No veciño Ares reciben os concellos de Urbanismo, Cultura e Servizos e o propio alcalde, que preside o departamento de Sanidade, xuventude e M.A.

Destacan como "pontos verdes" os oito quilómetros de praias cos que conta o concello, que están en condicións moi boas, aínda que carecen de equipamentos. "Se non, serían bandeira azul, pero iso é para os concellos ricos". Os entornos do casco de Ares e de Redes, o outro núcleo con calificación de urbán, están ben coidados pola Escola Obradoiro, recuperados e limpos xardíns e paseos.

A falla de cartos e a pouca colaboración da xente ten moi degradada A Xunqueira, e diso son conscientes no Concello. Nestos momentos negociase con veciños e usuarios as novas normas para a protección especial desta zona húmeda, "na que xa se fixeron varios estudos", e que ten importancia recoñecida como ecosistema a preservar, como zona de parada de aves migratorias e ani-



ñamento. A oposición dos propietarios á protección da zona concretase en repetidos intentos de secar A Xunqueira con cascallo e outros vertidos. No Concello confían en chegar a tempo...

A Escola-Obradoiro, das moitas que funcionan por toda Galicia en convenio co INEM, ten un módulo de M.A., e as súas actuacións en só tres meses son visibles nada mais entrar na vila. Limpeza e sinalización dos antigos sendeiros, os xardíns da vila e a limpeza das praias e os seus entornos son os seus traballos actuais.

E inevitable falar de Mougá: "Somos partidarios da solución da mancomunidade, non da incineración". Este ano contan con completar a dotación dos contenedores para a recollida dos RSU, pasando do actual 60% ao 100% de cobertura. A distribución de novos contenedores vai sempre acompañada de campañas para o uso correcto dos mesmos.

No tema de saneamento, só os núcleos de Redes e Ares contan con alcantirallado que verte a través de dous inadecuados emisarios. A inversión necesaria sobrepasa con moito as posibilidades de Ares, e levan anos esperando unha resposta positiva da Xunta, da que desconfían bastante a curto prazo.

Nun concello onde a poboación se triplica cada verán, o principal problema é a falla de recursos económicos, que se traduce nunha falla de persoal e medios para dar unha boa resposta aos problemas xerais e aos estacionais. Aínda así, non falla optimismo, e "faise camiño ó andar"

Neda

De Ares a Neda atravesamos Fene, ao que logo volveremos. Alí recibenos o Alcalde, que coordena persoalmente o tema. De novo Mougá e os RSU. Recollese o 100% dos residuos, e o vidro separase coa colaboración dos veciños en contenedores que retira periodicamente unha empresa especializada. A alternativa parece clara, Mougá fronte a Cerceda, compostaxe fronte a incineración.

Por outra banda, as augas residuais están canalizadas na súa totalidade, e as das 3/4 partes da poboación teñen tratamento biolóxico completo. Gracias a esta depurado-

*Mougá constitúe a mellor solución
ao problema do lixo para a maioría dos concellos,
que optan pola reciclaxe e a compostaxe
frente á incineración*

ra, foi posible recuperar os dous ríos que atravesan o casco da vila, dos que ademais se rexeneraron as súas ribeiras. O traballo de rexeneración de entornos leva xa tres anos en marcha, e en breve esperan poder poñer en marcha outro proxecto mais ambicioso, que inclúe actuacións nas masas forestais de adecentamento, limpeza e sinalización. De novo a potenciación do senderismo aparece como unha alternativa de uso racional dos espazos naturais. Para todo isto o Concello acaba de firmar un convenio co Goberno Civil para acoller obxectores de conciencia para realizar estes traballos. Isto vai dar que falar.

Hai anos, e co obxectivo de preservar a ribeira, eliminouse un vial que a bordeaba, impedindo o desenvolvemento urbanístico pegado á ría, e trasladando a actividade cara ao interior, en torno a antiga estrada de Ferrol a Betanzos. Hoxe, sen tanta presión inmobiliaria (a poboación situase en 6.500 fronte aos 8.000 de hai 5 anos), a ribeira vaise transformar nun paseo marítimo cun parque, Sobarreiros.



A colaboración da xente é considerada como un factor primordial, e as actividades de educación ambiental son unha constante nas programacións municipais.

Outro punto recuperado ou en vías de recuperar son as beiras do Beelle, un lugar realmente bonito e con algúns tramos en estado virxinal. En proxecto quedan tamén un mirador en Ancos, con acceso aos restos de dous castros xa catalogados.

A industria instalada no Concello é pequena e pouco conflictiva, a excepción da canteira de Morela, que de cando en vez, en épocas de moita chuva non controla os arrastres de fino aos cauces.

Os rapaces e rapazas de Neda teñen a oportunidade todos os veráns de participar nas acampadas na Aula da Natureza de O Cabalar, en colaboración con outros concellos e o Servizo do M.A. Natural da Consellería de Agricultura. E a iniciativa mais importante do Concello no campo da educación ambiental, aparte de outros cursiños, seminarios e xornadas específicas

Marchamos de Neda coa impresión de deixar un concello dinámico aínda que non sen escoitar a reiterada protesta: non hai medios, non hai recursos para investir nisto do M.A..

Fene

En Fene xuntámonos cos concelleiros de Servizos e de Sanidade e Ecoloxía, e empezamos falando do saneamento. Todo o Concello, incluído o rural conta con traida e con colectores. Un dos sectores (5.000 habitantes), conta cunha depuradora biolóxica, que o propio concello recuperou poñendo a andar unha daquelas obsoletas instalacións que se regaron por toda Galicia nos primeiros 70. A outra que existía houbo que derriba-la, pero están aprobados os 350 millóns necesarios para a nova. De todos xeitos é de destacar que todo está canalizado á ría, co que nos ríos do Concello saltan as troitas. En algunhas zonas existe unha canalización diferenciada para as augas da chuva, raro exemplo de boa planificación.

Dentro destes logros enmarcanse as campañas contra os vertidos nos ríos, a recuperación das ribeiras como

paseos, a existencia de zonas en estado case primitivo... Na parte do concello que da á Ria de Ares, hai varias zonas verdes co estatus de "proteccion especial".


A conversa salta dos rios aos RSU. O lixo recollese ao 100% da poboación, separándose o vidro, e parte do papel antes de verte-lo. Para os "trastos", un servizo especial os recolle e enterra nun vertedeiro propio, ao pé dunha canteira. Por suposto, que Mougá é a solución para o resto do lixo. Agora está infrautilizado e pagase un precio moi alto polo vertido, pero confían en que Ferrol volte a usa-lo, facendo-o rentable fronte a incineración. Os cáscalos da construción preocupan especialmente, estalles buscando un sitio adecuado.

Como zonas protexidas destacan as beiras do Beelle, fronteira con Neda, unha zona en Barallobre inmediata ao que vai ser novo polígono industrial, e os entornos dos castros e mámoas en Magalofes. O concello gasta todos os anos cerca de medio millón de pesetas en plantacións de árbores, tanto directamente como a través das parroquias. Ademais dos viveiros propios, está en marcha un custoso servizo, que é o da recollida de árbores singulares, pola especie ou pola idade, que están nun lugar "non adecuado". Cando os donos se queren desfacer del para construír, ou cando se amplía unha estrada, en vez de talar, procedese ao non

sempre fácil trasplante. Así sobreviven palmeiras, buxo, pereiras, e outras especies centenarias que precisaron das gruas de 20 toneladas para o seu traslado.


Lembramos agora campañas lanzadas desde a Concellalía de Sanidade e Ecoloxía, como a recollida de escopetas de aire comprimido entre os rapaces, a edición de guías da flora do Concello con soporte audiovisual, a sementeira de Carballos, os invernadoiros para os rapaces...

Os Concellos teñen as mans atadas en moitas cousas, protestan. Non hai normativa sancionadora para quen abusa, pero están convencidos de que o papel de concienciar é deles, e que ademais se podería elaborar todo un plan de pequenas intervencións locais, ao alcance dos concellos que non precisarían dos millóns da Xunta, e que supoñan melloras reais para o M.A.




Narón

Narón quedousenos fóra neste primeiro artigo, xa que debido ás presas non conseguimos falar co responsable de M.A. de narón, e sabemos que alí estanse facendo cousas. Non importa, como dixemos ao principio, haberá outras oportunidades, e, de momento, collemos os trastos e preparamos as nosas seguintes visitas. ■



*...A Veiga non é só arte e cultura;
festas e romarías; caza e pesca;
montañismo; sendeirismo, é sobre todo
aquele saber recibir tan peculiar e
amistoso das suas xentes.*



AGRICULTURA BIOLOXICA E AGRICULTURA ECOLOXICA

En maio pasado a prensa difundia un informe do "Grupo de Traballo Ambiental" de Estados Unidos que alertava sobre a incidencia da má alimentación na xeneración de cancro nos/as xóvenes americanos/as. Decenas de millóns de nenos e nenas estadounidenses ven-se expostos/as a enfermidades como o cancro, entre outras, polo consumo de frutas e verduras contaminadas con pesticidas empregados na agricultura. Por eses mesmos días (finais de abril) criava-se na Galiza a *Coordenadora de Agricultura Ecolóxica (CAE) de Galiza*, co apoio da Xunta de Galicia.

Saúdamos esta nova iniciativa, na espera de que sexa un paso en firme na promoción da agricultura biolóxica ou orgánica. Esta alternativa agrícola ten como obxectivos a produción de alimentos sans mediante prácticas agrícolas respeituosas co meio ambiente, de forma que se garanta a sustentabilidade dos recursos e se evite a contaminación derivada das prácticas agrárias. A CAE-Galicia utiliza porén o termo de agricultura ecolóxica, que na definición aportada por persoas como Sevilla Guzmán implica algo mais; implica tamén a creación de relacións comerciais mais éticas e xustas, buscando a igualdade entre os agriculto-

res, que deven ser tamén distribuidores dos seus produtos, e os consumidores. Na agricultura ecolóxica pois, minimízan-se os insumos externos (abonos, maquinaria, etc) facendo as explotacións mais autosuficientes e independentes dos subministros das multinacionais. Racha tamén coa distribución dos alimentos a través das cadeas das multinacionais, nas que hoxe nos vemos obrigados a mercar.

Naturama CERTAMENDE VIDEO SOBRE MEDIO AMBIENTE

O Centro Nacional de Educación Ambiental (CENEAM) organiza a segunda edición do certamen de vídeo sobre medio ambiente Naturama, a celebrar en Balsain do 20 ao 24 de outubro de 1994. A programación consta dunha Sección Oficial e varias Seccións Informativas. A temática a presentar é do mais ampla posíbel, incuindo calquera aspecto ambiental. Poden-se presentar traballos nas categorías de Documental ou de Divulgación, en ambos casos coas modalidades de profesional e afeizoado. Poderán-se presentar obras realizadas durante os anos 92, 93 e 94. O prazo de inscrición remata o 1 de setembro de 1994. Para mais información dirixirse á:

Centro Nacional de Educación Ambiental. Valsain-San Idelfonso.


40109-Segovia. Tels. (921)471711-471744, Fax. (921) 471746

ACTIVIDADES XUVENIS NO CONCELLO DE OLEIROS


O Concello de Oleiros pretende un verán movido, con actividades durante xullo e agosto que incluen cicloturismo, campamentos, travesías marítimas, vela, remo, natación e outros deportes, artes plásticas, obradoiros de coiro, video e fotografía, música, teatro, viaxes e aínda mais. Estas actividades incluen unha viaxe a Praga, para "estreitar lazos de solidariedade cos povos da vella Europa para coñecermos e facermos esa Europa que queremos, multiétnica e intercultural". Contan tamén con estadias en Oleiros de xóvenes checos e de rapazas e rapaces saharianos. Información: Ponencia de Cultura, Tlfno. 610000, ou Casa da Xuventude, Tlfno. 636598. Oleiros.

REPRESENTANTES ECOLOXISTAS NA ADMINISTRACIÓN HIDRÁULICA

O Goberno Central acedeu á continuada reivindicación de introducir representantes do movemento ecoloxista nos organismos da Administración da Agua. Aos tres representantes no "Consejo del



¡NON HAI COIDAD, OS VERQUIDOS VEÑEN AQUÍ, PERO NESTA URBANIZACIÓN SON TODOS ESTRANXEIROS!



Agua" ven a sumar-se a representación nas Confederacións Hidrográficas. A C.H. Norte I, que afecta aos ríos Miño, Sil e Lima, engloba-se na C.H. Norte, que abarca desde Euskadi até Galiza, a que lle corresponden 2 representantes. As dificultades de elección de dous representantes entre os grupos "mais representativos" (así o definiu a Administración) actuantes nas diferentes comunidades pudo resolverse en base a un criterio de rotación anual, acetado por todos os grupos. Tamén se acordou reivindicar cando menos un representante por Comunidade autónoma e se concordou na necesidade de que as competencias hidrolóxicas sexan transferidas na súa totalidade ás respectivas Comunidades. Os representantes galegos na Confederación Norte para os próximos tres anos son Matias Rodríguez e Manuel Soto, en representación de Cedenat e Adegas, grupos que presentaron alegacións ao Plan Hidrolóxico Norte I, e da Asemblea de Grupos Ecoloxistas e Naturalistas de Galiza (AGENG).

Esta reivindicación fica sen resolver, porén, no caso das conchas hidrográficas con competencias transferidas a Xunta de Galiza, Galiza-Costa, e cuxo organismo de concha é a Consellería de Ordenación do Territorio.



temas de importancia actual como as concentracións parcelarias, os danos da chuvia ácida ou as batidas ao lobo, alén doutros temas locais como o proxecto de variante da carretera para circunvalar Silleda, que amiaza con destruír a maior carballreira próxima a vila..


CASA DA TERRA

A Casa da Terra organiza para este verán varios campamentos, nun primeiro turno para rapazes/as de 6 a 10 anos (do 21 ao 27 de xullo), e nun segundo turno para mozos e mozas de 11 a 14 anos e de 15 a 17 anos (do 17 ao 31 de agosto). A Casa da Terra é unha casa de campo en Antas de Ulla, a carón deste río. Para máis información, tlfno. 981-246995.

Anida, o colectivo naturalista de Silleda editou o segundo número do seu boletín, Caderno da Natureza AVELAIONA, no que se tratan

Fundamentalismo ou miserabilismo?

Así titula Maria Adelaide Chichorro Ferreira, membro do grupo Quercus portugués, un seu artigo sobre a incineración en Portugal, aparecido no *Público* do 21 de maio pasado. No país veciño están programadas dúas incineradoras de lixo, a situar unha delas en Lisboa e a outra en Porto. Mentres outros países dan marcha atrás na incineración, Portugal parece querer seguir este modelo, e a Xunta copia-lles literalmente. Maria Adelaide pregunta-se por que moitas empresas que grafan os símbolos da reciclaxe nos seus produtos e embalaxes están a apoiar tais proxectos de incineración: *Tem-se vindo a criar, no nosso país, um poderoso "lobby" em defesa das centrais de incineração, a que não são alheias as indústrias da pasta de papel, da embalagem, dos plásticos e, como não poderia deixar de ser, o "lobby" dos hipermercados. Os argumentos usados revelam um miserabilismo verdadeiramente militante, reflexo provável de uma estratégia de "marketing" visando captar a banda pequenice atribuída (se calhar até injustamente) a generalidade dos portugueses.*



Protexer a natureza tamén é a túa obriga.

Toda precaución é sempre pouca co lume. Se saes de excursión, lembra que non se pode prender fogueiras fóra das zonas habilitadas para tal fin, nin botar mistos ou cigarros sen apagar.

**PROTEXE A NATUREZA.
SE VES LUME,
CHAMA O**

085
GRATUITO
ATENDE AS 24 HORAS



O PARQUE COMPOSTELA

Tres membros da Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) elaboraron e deron ao prelo unha Unidade Didáctica sobre o coñecido Parque Compostela, en Vilagarcía da Arousa. Trata-se de Roxelia Cid, Manuel Chouza e Xosé Lois Rey. A edición foi patrocinada polo Concello vilagarcían e pola Consellería de Industria e Comercio da Xunta de Galiza.

Ao longo das 63 páxinas de que consta o caderno, os autores van facendo unha pequena historia da orixe, modificacións e repetidas ameazas que sufriu o parque ao longo dos seus case 75 anos de existencia. Reproducen tamén planos do mesmo, fotografías de diversas épocas e algunhas esculcas na toponimia e no refraneiro do Salnés relacionadas coas especies arbóreas.


Son precisamente estas as que merecen a atención central do traballo. Os tres autores presentan-nos un detalladísimo catálogo de especies arbóreas e arbustivas do Parque Compostela,

acompañando ademais planos de localización dos exemplares. O censo de árbores do Parque eleva-se a un total de 214 árbores, de 32 especies diferentes, con abundancia de ulmeiros pequenos, falsas acacias, catalpas e pradairos. Cada especie leva nesta Unidade Didáctica unha ficha, con diversas indicacións sobre características, procedencia e outros aspectos de interese, así como ilustracións diversas. Quixeron os autores tamén propór unha serie de actividades pensando basicamente no uso pedagóxico que se poida facer do Parque por parte de mestres e alunado.

O traballo completa-se cunha somera bibliografía e cun código de protección da natureza no Parque.

A CONCENTRACIÓN PARCELÁRIA

Historia dunha esperanza e dunha frustración (Olegario Sotelo Blanco)
Un berro contra o ceo (Manuel Mandianes Castro).
Sotelo Blanco Ed.
Santiago, 1994



Dous emigrantes "con lingua e con historia" (Sotelo e Mandianes) fan unha viaxe descriptiva, rigurosa e analítica polos campos da Concentración Parcelaria galegos desde os anos setenta aos nosos días: "Quixen facer historia antropolóxica porque me pareceu máis coherente que facer antropoloxía histórica" (Sotelo). "Señor presidente Fraga, acaba vostede de gañar as eleccións,...pero algúns dos seus colaboradores están a facer cos labregos o que, no seu día, fixera Ceausescu cos seus... deixa-nos sen historia que é a identidade". (Mandianes).

As dúas partes do libro conflúen coma dous regos abertos na mesma leira. Sotelo vai teso, implacábel, furando as codias da terra que o viu nacer. "A finais dos setenta dous enxeñeiros responsábeis da Concentración da aldea de Ruidos convocaron a todos os veciños da parroquia; eu tamén asistín... o monólogo deses dous técnicos mesturaba explicacións con veladas amiazas sobre o que podía acontecer se a proposta non era aceptada". Logo pasa ao ano 1992 onde cita as declaracións dun enxeñeiro agrícola madrileño que fai as valoracións catastrais galegas aconsellado polos criterios do alcalde do concello e o alcalde pedáneo da parroquia, "criterios que responden aos intereses dos catro caciques e non aos da maioría de minifundistas".

Mandianes sulaga-se na paixón do berro e o seu rego abre o ceo. "A distribución do espazo pode plasmar a configuración do cosmos... Os lugares inscri-


ben no espazo a poética cultural e perpetúan a memoria colectiva... Cando algúen derruba muros milenários, tala árbores centenárias e destrúe a división tradicional da terra, condena aos habitantes dese país a vivir como emigrantes sen lingua nen historia na que foi a súa propia casa polo resto da súa vida".

Ambos os dous utilizan cadros estatísticos de poboación, escolaridade, infraestructuras e necesidades que aos ollos do lector de calquera parte de Galiza demostran a inutilidade e absurdo das Concentracións Parcelarias hoxe en día. Tamén citan artigos da propia Lei de Concentración Parcelaria que a mesma Administración incumple, "esta-se a facer a concentración parcelaria en terras que os estudos previos descartaran dos planos do réxime franquista".

O libro está adicado á Plataforma contra a desertización da Limia, o que se converte nun fito histórico nestes tempos en que a solidariedade, o compromiso e a protesta contra os males que nos rodean botase tanto en falla.

"Necesitamos modernizarnos, conectar co futuro e progresar, pero non desaparecer" (Sotelo).

"A curva demográfica é negativa en Galiza. A administración anunciou 600.000 Ha. máis para concentrar en todo o país nesta lexislatura. Para salvar a intelixencia e a boa vontade dos seus responsábeis é de supoñer que estes agachan as cartas debaixo da mesa" (Mandianes).



O Correo Galego

Primeiro xornal en galego

ACKComunicación



Vén-me do fondo o mar, das altas furnas
onde agorgulla o embrión da vida:
Como alenta unha rosa e se desata
o seu casulo no fragor do tempo
asi o mar me reclama, rompe as trabes
para chegar espido de murallas.
Desenvolvendo os ámbares, medrando
do berce a onde a lontra se acovilla
para comprir de infindos o horizonte,
chega-me o mar. Insospeitados brillos
de paisaxes que agora me redimen
nun intre só que vén afervoadado.

ANOTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS
As torres no ar (1989)

A TUA REVISTA
cerna naturalmente